

LEITE Enésimo plan lácteo da Xunta tras pechar a metade das granxas con Feixóo ▶ 13

FAUNA SALVAXE O SLG insta á Consellaría de Medio Ambiente a asumir competencias ▶ 8



V FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA

Catro xornadas de pílulas agroecolóxicas contra a pandemia do capitalismo ▶ 2 a 6



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVII - N° 332 - Xaneiro-Febreiro 2021

O SLG PIDE AO MINISTRO PLANAS UNHA PAC QUE DEFENDA OS INTERESES DE GALIZA



A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, participou nun encontro de traballo co ministro de Agricultura, Luís Planas, o pasado 15 de xaneiro en Compostela. Como non podía ser doutro xeito, o tema central da conversa virou ao redor da nova Política Agraria Común (PAC) e de todo o que se xoga Galiza nela. Vilalba defendeu os intereses do noso agro, até agora discriminado por un reparto de axudas no que priman o número de hectáreas e a especulación por parte de grandes empresas e terratenentes. Contámoscho, de seguido, no editorial deste Fouce. ▶ 2

MONTES O PP aproba sen consenso un Plan Forestal que permite aumentar aínda máis a superficie de eucalipto ▶ 15

MOCIDADE Melloras na fiscalidade das axudas de incorporación tras varios anos de loita do SLG ▶ 29



Mobilizacións contra novas prohibicións de mercados alimentarios

O 24 de xaneiro, o SLG convocou unha concentración de protesta en Melide despois de que o Concello decretase, por terceira vez na crise da Covid-19, a prohibición do mercado labrego. Dende o SLG, volvimos expresar o noso desacordo cuns peches contrarios aos protocolos sanitarios, que aconsellan realizar calquera actividade ao aire libre antes que en espazos pechados. ▶ 7



Nova reforma da PAC: A arte de mudar para que todo siga igual

Neste longo proceso de reforma da PAC- desde finais de 2017- non conseguimos cambiar o seu fondo. Isto tería que facerse nos regulamentos da Unión Europea, que veñen de entrar na súa última fase de aprobación. Aínda é posible que se produza algunha modificación que nos poida afectar, e moito, mais o fondo vai seguir sendo o mesmo: non se fala de prezos, segue diminuindo a regulación dos mercados e o único que fica da PAC é o reparto de subvencións.

Esta Política Agraria Común non nos serve. Elimina as persoas agricultoras e gandeiras en toda Europa e fracasou no establecemento dunhas rendas dignas. Esta PAC vai seguir promovendo a substitución da agricultura familiar por explotacións intensivas que producen en grandes cantidades -e a prezos baixos- materia prima barata para a agroindustria e para exportar.

A proposta de PAC do Sindicato Labrego Galego no reparto dos fondos é, basicamente, que a axuda básica á renda se corresponda co seu nome e que se converta realmente nun pago ás persoas que producen alimentos e non ás hectáreas.

✓ PLAN ESTRATÉXICO ESTATAL

Agora estamos xa no tramo final do deseño da PAC para 2023. Nos vindeiros meses decidírase como van ser as axudas no Estado Español no Plan Estratégico Estatal (PEE). Aí entran as axudas directas, as viti-vinícolas e o programa apícola (1º piar) e todo o Plan de Desenvolvemento Rural (PDR, 2º piar). O que se decida agora será o que teñamos para esta década.

A elaboración do PEE correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, que “consulta” coas comunidades autónomas e con diver-

sas organizacións agrarias e rurais. O Ministerio ten desta volta moita marxe de actuación: define quen vai cobrar as axudas da PAC do primeiro piar (persoa agricultora xenuína), que hectáreas se van pagar e como (se van seguir existindo dereitos de pago ou non) e os requisitos que teñen que cumprir esas hectáreas, se van seguir cobrando cantidades inxustificables no Estado algunhas persoas e empresas (*capping*) ou se establecemos un tope para que se repartan mellor os fondos (pago redistributivo), e tamén que sectores van seguir cobrando as axudas asociadas (as que se cobran por vaca de carne, leite ou ovella, cabra) e que importe. Por suposto, o Ministerio tamén decidirá que porcentaxe de fondos vai para cada cousa. E tamén será o encargado de deseñar unha das “novidades” desta PAC para todo o Estado Español: os ecoesquemas.

✓ A NOVA PAC PODE SER AÍNDAA PEOR QUE A ACTUAL PARA GALIZA

Na teoría, o Ministerio debe facer un sistema de reparto dos fondos que mellore as rendas das labregas e dos labregos de todo o Estado. Non debería ser difícil porque cada vez quedamos menos. Pero o que imos coñecendo non vai dirixido cara ese fin e, ademais, parécenos que a situación dos distintos sectores galegos non se está tendo en conta no deseño da PAC 2023-2027. Se agora estamos á cola do Estado no reparto dos fondos da PAC, coa información que imos tendo sobre a nova PAC do Ministerio as cousas van empeorar máis para Galiza.

Nestes momentos, un dos principais debates no Estado Español é a converxencia aplicada na PAC deste 2021 e que ten que ver tamén co futuro pago por hectárea. Consiste en que todos e todas cobremos canti-

dades parecidas por hectárea dentro da mesma rexión de pago e ir acercándose entre as rexións. O argumento do Ministerio parece correcto: a axuda básica ten que ser un pago máis xusto e simplificado e para iso o “pago por hectárea que reciban dúas persoas agricultoras ou gandeiras que afrontan as mesmas condicións produtivas debe ser o mesmo.” Este discurso que parece tan xusto e equitativo vai ser un desastre para as labregas e labregos da Galiza: sería xusto se o pago fora o mesmo por persoa “agricultora xenuína” que teñan as mesmas condicións produtivas, pero resulta que é por hectárea e non fai falta que insistamos coa diferenza de hectáreas entre un país minifundista como Galiza e a estrutura latifundista da terra cara ao sur. Se lle engadimos a isto que o Ministerio non está apostando por un pago redistributivo, nin por un *capping* real, nin pola limitación da entrada de hectáreas, non entendemos de ningunha maneira que sexa máis xusto: cantas máis hectáreas, máis cobras.

✓ ALIANZA NA CORNIXA CANTÁBRICA

Pensando que o resto da cornixa Cantábrica estaba nunha situación parecida, desde decembro mantemos xuntanzas con EHNE Bizkaia, UGAN COAG (Cantabria) e COAG Asturias para formular propostas conxuntas, tamén nos ecoesquemas. Enviamos a proposta da PAC do SLG e todas as alegacións ás propostas que vai sacando o Ministerio tanto á Consellería do Medio Rural (que é quen vai negociar a Madrid) como ao propio Ministerio. Queremos que teñan claro que esta non é a PAC que queremos e que as propostas que están facendo son moi lesivas para as labregas e labregos da Galiza.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Andrés Castro, Ana Rodríguez, Verónica Vázquez, Margarida Prieto Ledo, Xosé Pérez Rei, Ramón Barreiro, Diego Sánchez Agra, Iván Rodríguez Lombardero e Xoán Carlos Carreira

PECHE DE EDICIÓN 26-02-2021

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147

prensa@sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Rúa Ramón Franco 8, Escalera E, Porta 5 (O Rosal). ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 648 263 009

V FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA ▶ As circunstancias excepcionais que estamos a vivir dende hai case un ano, coa Covid 19 condicionando as nosas vidas e os nosos traballos, obrigaron, nesta ocasión, a organizar un V Foro Labrego de Agroecoloxía singular: Ao longo de catro semanas, cada mércores pola tarde (25 de novembro; 2, 9 e 16 de decembro) celebramos unha xornada por vía telemática. Non puido haber apertas nin bicos, pero si nos vimos e falamos nun vizoso diálogo que, como non podía ser doutro xeito, comezou virando ao redor das pandemias e do medio ambiente.

1. Pandemias e medio ambiente



F. FERNÁNDEZ ANGULO ▶
Biólogo e veterinario

Francisco Javier Fernández Angulo, veterinario que traballa en control leiteiro de Andalucía explicounos que *“de 2.000 enfermidades infecciosas, víricas e parasitarias, que afectan ás persoas, o 60% son zoonoses (transmisión de persoas a animais e viceversa). O máis preocupante é que, nas enfermidades emerxentes aparecidas nos últimos tempos, esta porcentaxe é do 75%. Ademais da Covid 19, poderíamos citar o Ébola, a Sida, as gripes aviarias, etcétera”*.

Xa centrado na crise da Covid 19, Angulo mantivo que se trata *“dunha crise medioambiental e social de moi amplo calado. A biodiversidade está sendo machacada dende o remate da II Guerra Mundial e a intensificación do impacto pola perda de biodiversidade é cada vez máis grande. Os novos focos infecciosos teñen relación directa cos cambios ambientais. A nosa presión sobre as especies silvestres é inmensa. Tamén teñen un grande impacto na ruptura brusca*

das barreiras ecolóxicas e naturais o cambio climático; a minaría de alto impacto; ou o mantemento de supersticións e tradicións que favorecen un tráfico ilegal e masivo de animais silvestres sen ningún tipo de control, o que pode ser unha vía de transmisión de enfermidades”.

En relación ao anterior, puxo o foco en riscos emerxentes como a propagación de enfermidades tropicais en climas fríos polo quecemento global ou a extracción masiva de terras raras.



LUIS COUTO ▶ Veterinario e inspector de Saúde da Xunta


Luis Couto falou sobre a cadea alimentaria e os diversos controis que se exercen para evitar o contaxio de zoonoses. Os controis dependerán do tipo de alimento. Non é o mesmo controlar un parasito como o anisakis, que vén no peixe e se destrúe coa cocción; que garantir o bo estado sanitario dos lácteos, onde existen distintos controis e procesos de hixiene dende a granxa até o produto final. *“Na Galiza temos un status sanitario moi alto de sanidade, prac-*

ticamente libres de tuberculose e brucelose. O control das zoonoses vaise realizar mediante un tratamento térmico, coa pasteurización; co leite cru, o control virá por unha alta hixiene na explotación e con plans de auto-control”.

Un informe feito polo ministro canadense de Sanidade, Marc Lalonde, en 1974, sinalaba catro factores determinantes para a saúde: a bioloxía humana (27%), medio ambiente (19%), estilos de vida (43%) e sistema

sanitario (11%). Nun estudo posterior, concluíuse que destinando o 90% dos orzamentos a mellorar o sistema sanitario, melloraría a morbilidade (mortes por enfermidade) nun 11%; pero gastando só o 1,5% en políticas de protección da saúde, reduciríase nun 19%”.

Para Couto, o principal risco para a expansión de zoonoses, agora mesmo, está en factores como a globalización, os intercambios globais ou os movementos da fauna salvaxe.



ISABEL VILALBA ▶
Secretaria xeral do SLG

Isabel Vilalba iniciou a súa intervención facendo un resumo do que supuxo a pandemia e todas as restricións asociadas para as economías labregas, co peche de mercados, redución da mobilidade para traballar as terras ou coidar dos animais, cando a compravenda e produción de alimentos estaban, en teoría, protexidas.

Vilalba relacionou todo isto co pensamento único e hexemónico: *“o único modelo posible é o da Revolución Verde, cun consumo inxente de fertilizantes quí-*

micos, agrotóxicos, monocultivos, deforestación de amplas zonas do planeta, destrución de ecosistemas, liberación e expansión de virus dos ambientes restrinxidos onde se mantiñan á marxe. Se algo puxo de relevo a Covid 19 é que as crises globais que nos afectan -cambio climático, desigualdade, contaminación da auga, perda de biodiversidade- están totalmente interconectadas e todo inflúe na nosa saúde dunha maneira ou outra”.

Contra isto contrapuxo a al-

ternativa da agroecoloxía, aínda que diferenciándoa da nova fórmula coa que se pretende dar continuidade ao modelo actual: o capitalismo verde. *“A agroecoloxía non é un proceso tecnolóxico. Para nós, a agroecoloxía debe basearse en piares como a alimentación saudable, o coidado da saúde da terra e da auga, da biodiversidade... Un compromiso coas xeracións futuras. A agricultura labrega é a principal expresión da economía social e dese modelo que precisamos para o futuro”*. **SEGUE** ▶

2. Alimentación e saúde



JAVIER GUZMÁN ▶ Director de Justicia Alimentaria - Veterinari@s sen Fronteiras VSF

Abriu a segunda xornada do Foro Javier Guzmán, que nos achegou datos estarrecedores da campaña “Dáme veneno”. A mala alimentación ten xa consideración de epidemia para a OMS. En España, o 21% das mortes evitables son causadas por alimentación insá, o que supón 90.000 falecementos por ano.

Guzmán achacou isto ao cambio radical de dieta nas últimas tres décadas: “Pasamos dunha dieta fundamentada en produtos frescos, locais e de tempada; a outra baseada na carne, nos azucres, nas graxas e nos produtos ultraprocesados. En España, o 70% da alimentación é procesada”.

Esta transición foi posible polo forte desenvolvemento da industria alimentaria, que fixo que os produtos frescos sexan cada vez máis caros, e os procesados cada vez máis baratos, nunha sociedade na que o 44% da poboación, aínda querendo, non pode custear unha dieta sa. Esta división de clases na calidade do que inxerimos supón “a conculcación do dereito a unha alimentación sa dunha boa parte da poboación”.

A pandemia da mala alimentación non sae gratis, xa que “o tratamento das enfermidades asociadas á mala alimentación supoñen un gasto anual sanitario

de 20.000 millóns de euros, o 20% do orzamento para saúde pública. Se lle engadimos os gastos de pensións, ausencia do traballo por enfermidade, etc., saltamos a 30.000 millóns”.

Un capítulo aparte témolo na alimentación infantil: “8 de cada 10 anuncios de alimentos dirixidos á rapazada son de produtos insáns a través dunha publicidade que noutros países estaría prohibida. Un bebé de catro meses en España leva consumido 1,5 Kg de azucre de media, cando non debería probalo no primeiro ano de vida”. Isto é posible polo enorme poder do lobby da industria alimentaria.



LOLA RAIGÓN ▶ Vicepresidenta da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE)

Baseándose nun artigo da revista científica The Lancet, Lola Raigón explicou que a humanidade estaba a padecer, agora mesmo, unha sindemia ao sumar tres pandemias (e non incluía a Covid 19 porque o artigo era de 2018): a obesidade, a malnutrición e o cambio climático.

Centrándonos nas pandemias de orixe alimentaria, Raigón sinalou como responsábel a industria “cun grande consumo enerxético, pouca man de obra e emprego, alimentos quilométricos e impersoais e un modelo intensivo para o que se deben acaparar terras, ameazando ou expulsando as familias labregas, provocando

deforestación masiva para alimentar o gando, contaminando os recursos hídricos”.

O modelo agrario e alimentario dominante lévanos á enfermidade porque “nos aboca a consumir alimentos cargados de calorías baleiras, altamente enerxéticos, cunha grande cantidade de hidratos de carbono, especialmente azucres, e de graxas saturadas. Isto dispara os niveis de obesidade, hipertensión, diabetes tipo 2, problemas cardiovasculares e cancro”.

Fronte a este modelo, Lola Raigón defendeu os sistemas alimentarios locais, baseados nos recursos propios e que propor-

cionan seguridade e soberanía alimentaria. Aí inclúe o concepto de nutrición ecolóxica: A nutrición é importante, pero tamén quen produce, en que condicións, cal é a pegada de carbono do alimento, etcétera. Non abunda só con consumir alimentos frescos, xa que o modelo intensivo e convencional tamén nolos proporciona, pero os estudos científicos xa demostraron que os alimentos convencionais, aínda frescos, conteñen menos nutrientes que os ecolóxicos, ademais de residuos de produtos químicos e agrotóxicos, de maneira que podemos enfermarnos pensando que consumimos ben.



PURA SEOANE ALVELA ▶ Labrega ecolóxica do Sindicato Labrego Galego

Os labregos e as labregas son unha peza fundamental para o equilibrio no planeta, “un pilar básico para que a Terra non se vaia ao garete, tamén un pilar básico para todas aquelas persoas que queren, coa alimentación, coidar a saúde ademais de nutrise”. Porén, dende as administracións estáselles a impoñer cada vez máis atrancos ao seu traballo, como unhas obrigas burocráticas moitas veces inasumibles que só benefician aos de sempre: “As grandes empresas téñeno doado porque poden contratar persoal que lles leve toda a papelame. Pero aos labregos e ás labregas obrígannos a aprender


uns coñecementos que non precisamos, a queimar horas e máis horas pasando datos a impresos, e se nos trabucamos ou fallamos pódennos custar moi caro”.

Na bisbarra de Pura están a sentir como o modelo industrial avanza. “No Val do Ulla están deforestando, acaparando terras para plantar viñedos porque a denominación de orixe Rías Baixas chegou até aquí. É barato mercar aquí e grandes adegas están desembarcando para asolagar o noso val de viñas, dunha viticultura que utiliza agrotóxicos dos que é moi difícil protexerse. Por que non hai un control sobre todo iso?”, preguntase.

Fronte a isto, Pura defende con orgullo a súa profesión, o seu modo de vida: “Para min é un verdadeiro privilexio ser labrega. Teño un salario que non chega nin a mileurista, pero como o que cultivo, érgome pola mañá e sintome moi feliz do que vou facer, que vou preparar a terra, mimala, respectala, plantar sementes para que dean froitos para alimentarme eu e a miña familia, as familias que mercan o que produzo... Para min, todo isto xustifica o meu traballo. Pode que me acaben botando e que teña que deixar de vivir disto, pero nunca, nunca, deixarei de traballar a terra”.

SEGUE ▶

3. Sistemas agroalimentarios locais



XOÁN CARLOS CARREIRA ▶
Doutor en Enxeñería Agroforestal
e profesor xubilado da USC

Xoán Carlos Carreira comezou debuxando un panorama agrario na Galiza preocupante: *“Tras decenios especializándonos en tres monocultivos -leite, eucalipto e piñeiro- a agricultura deste país non pode cubrir as nosas necesidades alimentarias”*.

Galiza ten que mercar fóra produtos agrícolas e gandeiros por valor de 730 millóns de euros. Pola contra, máis do 90% da superficie agraria galega está cuberta de cultivos forestais ou destinados á mantenza do gando, o que supón un claro acaparamento de terras por unhas poucas empresas: Ence acapara entre o 7 e o 9% da superficie

agraria e forestal, mentres as catro principais industrias lácteas que recollen na Galiza terían entre o 17-20%.

Para Carreira, a alternativa a este modelo industrial está en virar as políticas para apoiar unha agricultura baseada en casas de labranza, que son *“as principais responsábeis de que o espazo rural estea habitado, xestionan a maior parte da superficie agraria e achegan á sociedade moitos servizos imprescindibles. Unha das funcións fundamentais das casas de labranza é alimentar as persoas máis próximas, fundamentalmente a través do consumo e do comercio local”*.

Precisamente, o comercio local de alimentos e a agroecoloxía conviven en simbiose. Ademais, o comercio de proximidade evita en grande medida o transporte de alimentos e os desprazamentos en automóbiles particulares, inflúe nunha maior calidade da dieta e contribúe a reducir o desperdicio de alimentos. Os datos indican que o 70% da poboación de Galiza -1.900.000 persoas- podería alimentarse de hortalizas producidas na súa contorna, xa que o 94% das comarcas galegas dispoñen de máis superficie agraria da que precisan para cubrir as necesidades alimentarias da súa poboación.



NURIA ALONSO LEAL ▶
Secretaria da Rede de Cidades pola Agroecoloxía


O xermolo da Rede de Cidades pola Agroecoloxía naceu ao redor de 2016 por iniciativa do Concello de Zaragoza. *“Había unha demanda daqueles concellos que estaban a dar pasos para desenvolver políticas alimentarias urbanas e que, ademais, tiñan necesidade de xuntarse, de intercambiar saberes, experiencias, dúbidas, de compartir forzas”*. Naquela época, houbera importantes cambios políticos nos concellos tralas eleccións municipais de 2015, creándose un contexto favorable. A maiores, contábase co apoio da Fundación Daniel e Nina Carasso e se tiña como referencia o Pacto de

Milán sobre Políticas Alimentarias Urbanas.

Xa en 2017, fíxose unha primeira asemblea con cidades de todo o Estado: A Rede de Cidades pola Agroecoloxía estaba en marcha. Hoxe en día, é unha asociación formada por entidades locais do Estado. O seu obxecto é a xeración dunha dinámica entre entidades locais co fin de construír sistemas alimentarios locais, respectuosos co medio ambiente, sostíbeis, inclusivos, resilientes, seguros e diversificados que aseguren alimento saudable, sostíbeis e accesible ao conxunto da poboación, potenciando o emprego local, en liña

coas perspectivas da agroecoloxía. Finánciase a través da Fundación Daniel e Nina Carasso e das cotas que pagan as cidades participantes.

Para conseguir os seus obxectivos, os concellos da Rede desenvolven políticas dirixidas a facilitar o acceso a terra para fins agrarios, protexer os usos agrarios en zonas urbanas e periurbanas, incorporar persoas á profesión labrega, facilitar o uso de infraestruturas, formación profesional, desenvolvemento de estratexias alimentarias locais, etc. Forman parte da rede cidades como Córdoba, Pamplona, Valencia, Valladolid ou Zaragoza.



XAVIER CASTRO PÉREZ ▶
Escritor e catedrático de Historia Contemporánea na USC

Xavier Castro falou da identidade galega en relación coa alimentación, da dieta atlántica, que se caracteriza *“pola cocción, máis sa en contraposición á fritura mediterránea; e a importancia do peixe e das verduras tradicionais. Consumíase moi pouco porco porque a matanza tiña que durar todo o ano; e a carne de tenreira ou doutros animais reservábase para as festas e ocasións especiais”*.

A identidade culinaria da Galiza non pode entenderse sen o rol crucial das mulleres, xa dende a época castrexa. As mulleres *“interveñen na recolección, na agricultura, na gandería, na culi-*

naria, na recollida de leña. Todo isto era moito máis importante que as actividades alimentarias ligadas aos homes, como as cinexéticas. As mulleres foron as grandes eclipsadas, tamén neste ámbito, a pesares de que elaboraron unha serie de receitas ao longo dos séculos que hoxe constitúen a nosa cultura e cociña tradicional”.

A sociedade galega era matrilineal, pero non matriarcal. O poder e a propiedade económica era dos homes, e iso reflectíase en que as mulleres comían menos cantidade e os alimentos menos valorados, especialmente cando os alimentos eran escasos.

Outro dos trazos da nosa cultura alimentaria está nas bebidas, especialmente o viño, do que *“os homes acaparaban a maior parte; mentres que as mulleres ou eran abstemias ou bebían menor cantidade”*. En cuestión de beber, Castro citou bebidas propias da nosa cultura que se perderon, como o risolio, moi popular no século XIX, pero cuxa receita se descoñece; ou o viño tostado, cuxa tradición, moi ligada ao seu consumo nos pazos en días sinalados, estivo a piques de perderse co esmorecer social da fidalguía, pero que hoxe volve elaborarse en catro adegas do Ribeiro. **SEGUE ▶**

e para rematar: 4. Tecendo redes




KYLYAN MARC BISQUERT ▶
Investigador do Grupo SEPA
Interea da USC

Kylyan compartiu con nós a formación dunha rede que se deu *“como resposta ao estado de alarma, cando nos vimos na necesidade de ter novas ferramentas de comunicación para prestarnos apoio mutuo”*.

“En marzo”, relata, “dende varios grupos e cooperativas de consumo houbo unha necesidade de ver como se afrontaba o estado de alarma, xa que mentres unhas tentaban crear novos protocolos para seguir operando dentro das restricións, outras viron como a súa actividade ficou interrompida”. Para que o contacto se guise existindo entre os diversos axentes da agroecoloxía galega, creouse un grupo de mensaxería instantánea a través de Telegram que pasou a ser unha canle para compartir experiencias, axuda e dúbidas diante dunha situación tan anómala.

Co paso das semanas, creáronse grupos de traballo por áreas para dinamizar e organizar. Ademais, creáronse ferramentas para xestionar o día a día, como unha wiki de uso interno para almacenar documentos como as novas normas e leis que xurdían para regular o estado de alarma, sesións formativas para abordar temas de interese común, etc.

No último reconto, había 94 usuarias deste grupo de Telegram, 32 usuarias da wiki e 3 grupos de traballo para xestionar a organización dos materiais sobre protocolos covid, a comunicación e alternativas de comercialización.



ALBERTO MOLARES VILA ▶
Membro da xunta directiva da
Asociación Consello da Sabia

A Sabia é unha moeda galega para impulsar a economía colaborativa. *“O sistema capitalista exclúe amplas capas da sociedade do acceso aos cartos, xa que está orientado á maximización do capital, a facer que os que máis teñen poidan acumular aínda máis; e, os que non podemos, cada vez dispoñemos de menor poder adquisitivo a causa da inflación, das comisións bancarias, dos recortes salariais, da especulación, etcétera”*.

A Sabia xorde para contrarrestar esta tendencia, *“para que a riqueza xurdida de Galicia poida seguir sendo a mesma, para que poidamos conservala fomentando unha economía circular para que non saia do noso territorio”*. Trátase dunha moeda virtual que se utiliza a través dunha aplicación instalada no teléfono móbil. Cadaquén ten unha conta persoal na que se van rexistrando as sabias que saen dos intercambios; ademais, esa app serve tamén como mercado online, onde podemos publicar os nosos anuncios de produtos ou servizos que ofrecemos; e, ao mesmo tempo, atopar as outras persoas ou comercios que ofrecen os seus produtos e servizos a cambio de sabias.

Os produtos e servizos ofertados teñen un prezo en euros e unha porcentaxe dese valor en sabias. Desá maneira, téntase que os usuarios non perdan poder adquisitivo no sistema monetario vixente e oficial.




**JOSÉ ÁNGEL PORTELA
SAAVEDRA** ▶ Integrante de
Epona Terra

Epona Terra naceu no entorno de Vigo durante o confinamento como unha alternativa ao sistema. *“Persequimos un modelo diferente baseado na soberanía alimentaria e na economía circular”*, explicou-nos José Ángel Portela.

Para levar a cabo esta pretensión, o primeiro que fixeron foi *“poñernos a cultivar e consumir os nosos propios alimentos. Fixémolo collendo ou alugando terreos abandonados. Cando se soubo, houbo moitas persoas propietarias que nos chamaron para ceder-nos os terreos en uso, sen cobrarnos nada”*. Tamén fixeron un chamamento para coidar e cultivar eses terreos. De primeiras, apuntáronse unhas 200 persoas e cedéronselles unha vintena de fincas.

Aínda Epona comezou a súa andaina entre xuño e xullo, en outono xa apañaron as súas primeiras colleitas, tralas cales embarcáronse no reto de facer elaborados, labor que puideron desenvolver grazas a que a Comunidade de Montes de Saiáns lles cedeu un espazo e unha cociña. *“Nas últimas semanas, comezamos a construír un forno comunitario para cocer un ou dous días á semana. Tamén demos obradoiros de xabóns, de elaboración de pan ou de ioga na natureza; e organizamos roteiros para aprender a identificar plantas silvestres e cogomelos”*. Agora mesmo, a experiencia estase a estender a localidades como Compostela, Ames, Cambre ou Ponteareas.



BELÉN FERVENZA ▶
Resposábel de Horta do
Sindicato Labrego Galego

Pola súa banda, Belén Fervenza falounos dunha idea que se xestou tamén durante o confinamento e o estado de alarma. Retomando o espírito da roga tradicional -o traballo solidario e comunitario, sobre todo no eido agrícola, entre a veciñanza- viuse a posibilidade de constituír unha rede labrega de axuda solidaria como as que xa existen noutros países: A Rede Labrega Solidaria.

O proxecto aínda está nacemento. Houbo unha primeira xuntanza no seo do Sindicato Labrego Galego na que se falou da posibilidade de crear unha estrutura dende a propia organización sindical para poder prestar apoio solidario a persoas e colectivos vulnerables. *“A idea é crear unha rede de labregos e labregas que, cadaquén na súa bisbarra, estea aí para prestar o apoio necesario a calquera persoa ou colectivo vulnerable que queiran aprender a traballar a terra e atopar nela unha alternativa digna para vivir. Temos terras, temos maquinaria, temos coñecementos que podemos utilizar para que outras persoas excluídas polo sistema económico poidan ter unha oportunidade. Para os labregos e labregas”, reflexiona Belén, “esta rede pode ser unha forma de apoderamento, de participación activa no progreso social ao sermos quen de dar á sociedade e a colectivos que o están a pasar mal a nosa achega de coñecementos, de xeitos de vivir alternativos”*. **FIN** ■

VENDA DIRECTA ▶ O Goberno melidense reincidiu prohibindo por terceira vez a compra e venda de alimentos ao aire libre en contra das recomendacións sanitarias da Xunta

Manifestación do SLG en Melide para esixir a reapertura do mercado labrego

Un cento de persoas -comerciantes e veciñanza- apoiaron a concentración convocada o pasado 24 de xaneiro diante do concello

Un cento de persoas, entre as que se atopaban boa parte dos homes e mulleres que venden alimentos na feira dominical de Melide, encheron o 24 de xaneiro a praza do Convento nunha concentración de protesta para esixir ao goberno municipal a reapertura inmediata do mercado labrego.

Esta acción de protesta obedeceu á reincidencia do Concello de Melide en prohibir un mercado de alimentos que, por celebrarse ao aire libre, ten mellores condicións de seguridade para a compravenda de bens esenciais que non os espazos pechados. Porén, en contra de toda lóxica, o concello decretou por terceira vez en menos de un ano o peche do mercado en contra das recomendacións da Consellaría de Sanidade.

Consignas como “Queremos mercar os grelos ás veciñas!” ou “Espazos labregos, espazos seguros!” precederon á lectura dun manifesto no que se lle esixían catro demandas ao executivo melidense:

- 1. Reapertura inmediata do mercado dominical de alimentos**, reorganizándoo temporalmente coa distribución dos postos de venda en novos espazos que garantan as distancias e os protocolos sanitarios vixentes, tal e como indica o decreto 202/2020 do 3 de decembro.
- 2. Dotación de recursos materiais e humanos** para garantir o cumprimento dos protocolos sanitarios anti-covid no mercado.



A concentración de Melide tivo un amplo apoio popular a pesares das restricións esixidas polas autoridades sanitarias

3. Recomendación a través de bandos, radio municipal e outros medios de difusión ao alcance do Concello de Melide, **da opción de adquirir alimentos no mercado labrego como a máis segura** na conxuntura actual.

4. Revisión das políticas municipais de cara a reforzar o mercado, xa que con el se apoian a economía local, os proxectos agrogandeiros da bisbarra, o mantemento de postos de traballo, a creación de riqueza no rural ou o refor-

zamento da nosa soberanía alimentaria diante de crises nas que os supermercados, como ben puidemos comprobar nos últimos tempos, sofren axiña desabastecemento. Tes o manifesto completo en: bit.ly/ManifestoSLGmelide

Reabren a feira de alimentos tras un requerimento da nosa equipa xurídica

Trala manifestación, a equipa xurídica do SLG comezou a rexistrar requerimentos en varios concellos, incluído o de Melide, requirindo información para aclarar se as prohibicións de mercados labregos se axustaban a dereito e, en caso de non facelo, iniciar as accións legais pertinentes.

En concreto, preguntóuselles aos gobernos municipais polo instrumento legal utilizado para pechar o mercado, así como onde e cando foi publicado. “Dende o punto de vista formal, non temos constancia de cal foi o instrumento xurídico (decreto, acordo plenario, acordo da xunta de goberno) por medio do cal foi adoptada a medida de prohibición de cada mercado. Ademais dunha cuestión de legalidade, trátase dunha cuestión de transparencia. En todo caso, precisamos coñecer a motivación concreta da decisión adoptada, así como os instrumentos legais nos que concretou

para valorar debidamente a adopción das medidas legais que poidamos adoptar ao respecto”.

A maiores, foi presentada unha queixa diante da Valedora do Pobo polos peches de diferentes mercados locais galegos, co obxecto de que se volvan abrir canto antes, pedíndolle a esta institución que reclame tamén a reapertura dos mercados para pór fin ao quebranto ocasionado non só nas economías labregas, senón tamén nos consumidores e consumidoras que teñen nas feiras o seu principal abasto de alimentos; así como que inste aos gobernos municipais a facilitar a información reclamada.

O Concello de Melide, onde se focalizaron as protestas e accións debido á súa teima por pechar o mercado, reabriu a venda de alimentos ao aire libre a mesma semana que recibiu o requerimento do Sindicato Labrego.

FAUNA SALVAXE ▶ A petición fíxoselle á directora xeral de Patrimonio Natural e, tras declararse o lobo especie protexida, cómpre defender a capacidade de xestión galega

O SLG insta a Medio Ambiente a asumir as súas competencias coa fauna salvaxe

O Ministerio de Transición Ecolóxica usúrpalle á Xunta as ferramentas competenciais relacionadas coas políticas do lobo

A finais do ano pasado, o coordinador do Sector de Vacún de Carne no SLG, Brais Álvarez, mantivo un encontro de traballo coa directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, no que tamén estiveron presentes as outras dúas organizacións agrarias. No encontro, do Campo comunicounos a proposta do Ministerio de Medio Ambiente para incluír o lobo no Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE).

Dende o Sindicato Labrego, expresamos o noso desacordo con esta medida, xa que implicaba empregar unha política única en todo o territorio do Estado para unha especie, cando a súa realidade é moi diferente dependendo da zona da que falemos. Actualmente, o 95% das poboacións de lobo atópanse rexistradas ao norte do río Douro, onde até o de agora esta especie ten a consideración de cinxética, condición que perdería en caso de que saíse adiante a proposta do Ministerio de Medio Ambiente.

A nivel de xestión, declarar o lobo especie protexida implica despojar a Galiza da súa capacidade para tomar decisións en canto ao estado e conservación desta especie. Cómpre destacar que, segundo os últimos datos dos que se dispoñen (2015), as poboacións de lobo en Galiza, lonxe de minguar, mantivéronse estábeis ou mesmo se incrementaron puntualmente nos últimos vinte anos. Tamén se constata que, nos últimos anos, houbo un aumento dos ataques do lobo

sobre o gando, polo que incluír as poboacións de lobo do territorio galego na listaxe LESRPE é algo desproporcionado que non responde á realidade desta especie na Galiza.

Diante disto, Brais Álvarez instou á Consellería de Medio Ambiente a unha actualización urxente do censo do lobo na Galiza sen a cal é imposible desenvolver políticas dirixidas a garantir a súa conservación e equilibrio poboacional.

Tras esta xuntanza, a Xunta enviou ao Ministerio de Transición Ecolóxica un informe no que se posicionou contraria a incrementar a protección do lobo. Porén, o Ministerio dirixido pola madrileña Teresa Ribera fixo caso omiso da posición tamén contraria, ademais de Galiza, das comunidades ao norte do río Douro, que son as que teñen que xestionar poboacións de lobo. E fíxoo deixando votar esta cuestión ao resto de comunidades e



Acción de denuncia do SLG dunha desfeita do xabaril nunha pradaría do Corgo (Lugo)

ciudades autónomas do Estado, en moitas das cales non existe este animal. É dicir, nesa votación tiveron máis poder de decisión sobre que se fai co lobo

Ceuta, Melilla, Illas Canarias, Illes Balears e Murcia (5 votos), onde nunca un lobo viron; que Galiza, Castela e León, Asturias e Cantabria (4 votos).

As axudas para prever e compensar ataques caen un 18% en 2021

A inclusión do lobo na listaxe de especies protexidas vai crear unha serie de graves problemas que incidirán negativamente na Galiza. Para empezar, supón unha usurpación das competencias da Xunta, xa que, a partir de agora, a Consellaría de Medio Ambiente perde a súa capacidade para xestionar as poboacións de lobo. Isto é así porque o Ministerio de Transición Ecolóxica vaise ocupar do lobo como se houbese unha soa poboación a nivel de España. A Xunta tamén deixará de indemnizar polos ataques, xa que será tamén o Ministerio quen deba facelo; de feito, estase falando de de traer fondos da Política Agraria Común (PAC), que deberían ser para financiar cuestións do agro e non para pagar os danos do lobo.

Respecto a como quedan as cousas agora mesmo, semanas despois da xuntanza con do Campo, a Consellaría de Medio Ambiente anunciaba un or-

zamento de 2'6 millóns de euros para prever e compensar os ataques da fauna salvaxe en 2021. Isto supón medio millón de euros menos con respecto a 2020, ano no que se destinaron 3'14 millóns para esta finalidade. A diferenza é dun 18%.

A maiores, dende o Sindicato Labrego Galego expresamos a nosa preocupación diante da falla de controis sanitarios destas especies, en especial do xabaril, que noutras zonas de Europa está a actuar como vector de contaxio da peste porcina africana e favorecendo a súa propagación. Respecto disto, Belén do Campo limitouse a dicir que están estudando facer un monitoreo para controlar o número de xabarís en zonas onde existan explotacións porcinas, monitoreo que, en ningún caso, contempla un estudo sanitario para determinar ou non a existencia da enfermidade en territorio galego.

SEGUE ▶

A responsabilidade dos danos debe recaer ao 100% na Xunta por ser a garante da protección do patrimonio natural

A pesares de trasladar a directora xeral de Patrimonio Natural que dende a Xunta están en desacordo con incluír o lobo na LESRPE, dende o Sindicato Labrego Galego instamos a que a Consellaría de Medio Ambiente se preocupe máis de asumir as súas competencias na xestión da fauna salvaxe en lugar de lanzar “balóns fora”. Para iso, deberían afondar nas distintas liñas de actuación que permitan a convivencia coas distintas especies de fauna salvaxe, deixando o debate actual sobre a caza destas especies nun segundo plano. Dende o SLG lembrámoslle á Consellaría de Medio Ambiente, unha vez máis, a necesidade de:

1. Elaboración e actualización de forma urxente dun censo que permita determinar aquelas zonas onde poidan existir superpoboacións de determinadas especies de fauna salvaxe, e a busca de xeitos para acadar o equilibrio ecolóxico para que ningunha especie poña en perigo outras nin comprometa as actividades agrícolas e gandeiras.
2. Asunción da responsabilidade civil da administración pública sobre o 100% dos danos que causan as especies de fauna salvaxe.
3. Eliminación de zonas abandonadas que poidan servir de refuxio para a fauna silvestre próximas aos cultivos e paralización e reposición da legalidade no caso de forestacións ilegais de terras agrarias.
4. Programa de Sanidade Animal eficaz e suficientemente dotado para o tratamento das enfermidades da fauna salvaxe, garantindo que non haxa contaxio de enfermidades infecciosas á cabana doméstica.
5. Financiamento do 100% das medidas de protección, co aumento da partida orzamentaria destinada para tal fin.
6. Programa de alimentación da fauna salvaxe a cargo da administración pública.

FIN ■

CASTAÑA ▶ A produción de 2020 puido caer ao redor do 50% polos ataques da avespiña, a alta incidencia do chancro e as inclemencias meteorolóxicas

O SLG pide axudas e políticas para deter o declive do sector da castaña

Os prezos baixaron na última campaña debido á caída no consumo e na comercialización a causa da Covid 19

A produción de castaña de 2020 en Galiza caeu ao redor dun 50% de media con respecto á de 2019 segundo fontes do sector consultadas polo Sindicato Labrego Galego. Trátase dunha grande mingua se temos en conta que a campaña de 2019 xa foi mala de por si. Nada sorprendente vendo a pachorra coa que a Consellaría de Medio Rural segue a afrontar a maior crise que están a vivir os nosos soutsos en décadas -a da avespa do castiñeiro-, a pesares de que levamos denunciando esta pasividade no SLG dende 2017, e mentres a produción de castaña segue a caer en picado ano tras ano.

Á incidencia crecente dos ataques da *Dryocosmus kuriphilus*, en 2020 houbo que sumar unha seca xeneralizada e inclemencias meteorolóxicas -espe-



En bisbarras como Os Ancares, a caída de produción de castaña roldou o 90% nalgunhas zonas debido á alta incidencia da *Dryocosmus kuriphilus*

cialmente sarabia- que arrasaron colleitas enteiras, ademais dunha alta incidencia do chancro.

Ademais, o impacto da Covid-19 tamén afectou negativamente este sector, que ten na hostalería, asadores e repostería unha canle importante de comercialización. Así, as empresas e cooperativas de castaña tiveron serias dificultades para colocar o seu produto no

mercado a pesares de minguar a produción. Isto traducíuse nunha caída de prezos e na ruptura dun importante elo na cadea comercial: as cooperativas e empresas que habitualmente mercan castaña a particulares, deixaron de facelo ou diminuíron as súas adquisicións, co que moitas economías familiares no rural víronse resentidas ao verse privadas destes ingresos.

Unha produción agraria que xera uns 200 millóns de euros na Galiza cada ano

Para o Sindicato Labrego Galego, a raíz da crise na que se está a afundir o sector da castaña é o abandono, por parte das institucións responsables, dun patrimonio de valor incalculable que forma parte da nosa cultura como pobo e que, no eido económico, xera riqueza no rural cuns ingresos anuais ao redor dos 200 millóns de euros nun ano de colleita normal. Ademais, non podemos esquecer o papel indispensable deste sector á hora de manter ben xestionado o monte, algo esencial na prevención de lumes e na xestión do territorio.

Este abandono da Xunta de Galicia exprésase en realidade como a inexistencia de liñas de axuda para paliar os danos polas inclemencias meteorolóxicas no sector da castaña. Tampouco debemos esquecer que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a

falar só de comercializadoras e empresas transformadoras como principais afectadas.

Por todo o devandito, dende o SLG instamos á Consellaría de Medio Rural a que, diante da actual situación de excepcionalidade que tiveron que afrontar os/as produtores/as, transformadores/as e comercializadores/as de castaña en Galiza, convoque unha liña de axudas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña que chegue a todos os elos afectados da cadea de produción e comercialización. Ademais, tamén instamos a Medio Rural a adoptar un compromiso co sector da castaña para reforzalo, de cara a evitar que volvan anos de perdas como 2020, con políticas activas e suficientemente dotadas de recursos que garantan un estado sanitario óptimo dos nosos soutsos e, en especial, para enfrontar con garantías a loita contra a avespa do castiñeiro.

Reflexións sobre a SAU de Galiza

por Xoán Carlos Carreira Pérez

1. INTRODUCCIÓN

Na metodoloxía empregada na elaboración do Censo Agrario indícase que a Superficie Agrícola Utilizada (SAU) é o conxunto da superficie de terras para pastos permanentes e de terras labradas, comprendendo estas os cultivos herbáceos, os barbeitos, as hortas familiares e os cultivos leñosos. Non obstante, as distintas fontes estatísticas non sempre empregan exactamente os mesmos termos nin lle dan a estes idéntico significado. Ademais, por outra banda, a función dos espazos e das actividades agrarias ou forestais pode variar en cada país.

Precisamente, unha das características diferenciais de Galiza é que, tradicionalmente, na nosa terra o monte non era unha superficie forestal como se considera hoxe, senón o soporte do sistema agrario. Cumpría tres papeis importantes: cultivo extensivo de cereais, terreo de pastoreo para o gando e subministrador de estrume ou esquilmo, fertilizante necesario para a agricultura. Hoxe moitas das funcións tradicionais do monte practicamente teñen desaparecido, pero algunhas delas aínda subsisten, en maior ou menor medida. Daquela : As superficies de pasteiros con mato deben ser consideradas dentro da SAU ? Sería axeitado que algunhas superficies a mato tamén se contabilizaran dentro da SAU no caso de que poidan ter un aproveitamento para a produción de abonos orgánicos, tal e como xa fai algunha empresa neste país?



2. AS DISCREPANCIAS NO VALOR DA SUPERFICIE AGRARIA DE GALIZA EN FUNCIÓN DAS DISTINTAS FONTES

Para calcular cantas superficie agraria existe en Galiza pódese recorrer a máis dunha fonte de datos. Vou tratar de analizar dúas delas: en primeiro lugar, o Censo Agrario e as “Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrícolas” elaboradas polo INE cada dous ou tres anos; e, en segundo lugar, a “Encuesta sobre Superficies y Rendimientos de Cultivos” (ESYRCE), elaborada polo Ministerio de Agricultura todos os anos. A maiores, tamén vou ter en conta os datos do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

Para comparar a superficie agraria de Galiza que ofrecen estas distintas fontes de datos, hai que ter en conta que o INE informa directamente da SAU mentres que na ESYRCE hai que facer os cálculos correspondentes. A partir deles pódese estimar, de acordo con distintos criterios, a superficie (agraria) útil para a produción agrogandeira, é dicir, susceptible de ser utilizada para a mesma. Un concepto que di-

fire en certo modo do de Superficie Agrícola Utilizada.

Se tomamos os valores medios dos últimos anos (2009, 2013 e 2016) a superficie susceptible de ser utilizada para a produción agrogandeira calculada cos datos da ESYRCE é entre 47.000 hectáreas e 189.000 has. maior que a SAU contabilizada polo censo agrario e as enquisas sobre a estrutura das explotacións agrarias. A marxe que se ofrece depende dos diferentes criterios utilizados para facer a estimación a partir deses datos da ESYRCE. Aumentaríase a confusión se se incorporan as superficies que figuran no SIXPAC ocupadas por distintos usos pois, de acordo con este sistema, en Galiza, no ano 2017, as terras de cultivos ocuparían máis de 300.000 has, os cultivos permanentes preto de 51.000 has. e os pastos arredor de 1.200.000 has.

3. A EVOLUCIÓN DA SUPERFICIE AGRARIA

No gráfico nº 1 pode comprobarse que a evolución da superficie agraria é substancialmente diferente se se utiliza a información do INE ou a da ESYRCE.

Segundo o INE, Galiza tería perdido case 103.000 has. de SAU entre os anos 2003 e 2016. Nese mesmo período, de acordo cos datos da ESYRCE, o noso país podería ter gañado entre 70.000 e 96.000 has. de superficie útil para a produción agrogandeira (en función dos criterios utilizados para contabilizala) e, no peor dos casos, só tería perdido arredor de 20.000 has.




Gráfico nº 1.- Evolución da Superficie Agraria de Galiza en función das distintas maneiras de contabilizala

Esta superficie pode subdividirse en dous grandes grupos. O primeiro englobaría os aproveitamentos destinados a alimentar o gando, especialmente o herbívoro (cultivos forraxeiros, prados e pasteiros) e o segundo os cultivos destinados para o consumo humano directo.

Ao longo dos últimos anos, a evolución da superficie incluída no primeiro grupo presenta discrepancias como as que xa se teñen constatado ao analizar a evolución do total da superficie agraria, orixinadas polos mesmos motivos (a contabilización ou non dos pasteiros e pasteiros con mato).

No gráfico nº 2, pode observarse que a ESYRCE recolle unha superficie dedicada aos cultivos para consumo humano directo... **SEGUE ▶**

...superior á que ofrece o INE (Censo Agrario e Enquisas sobre a estrutura das explotacións agrarias). De acordo coa ESYRCE, a superficie de viñado existente é aproximadamente 3 veces superior á que calcula o INE ao longo de todos os anos analizados (desde 2003) e a superficie de froiteiras non cítricas é unhas 4 veces superior a partir de 2013. Ademais, dependendo do ano que se considere, o INE apenas recolle entre 327 e 1.545 has. de hortas familiares, mentres que para a ESYRCE esta superficie de hortas familiares oscilaría entre 17.911 e 28.581 has. (de 12 a 87 veces superior).




Gráfico nº 2.- Evolución da superficie destinada a cultivos para consumo humano directo

Posibelmente, as discrepancias observadas estean provocadas polo feito de que o INE e a ESYRCE utilizan distintas metodoloxías para estimar as superficies ocupadas por cada aproveitamento. Por outra banda, o INE unicamente recolle a superficie de cultivos e prados que existe nas explotacións agrarias. E, ademais, desde 2009, só censa as de máis de 1 ha, agás excepcións. Non obstante, o contraste de datos permite deducir a existencia dunha superficie agraria que está fóra das explotacións censadas. Pódese intuír que, se cadra, forma parte de unidades agrarias das que se ocupan mulleres, persoas xubiladas ou que teñen outro traballo remunerado fóra do sector agrario e nas que se practica unha agricultura periurbana (mesmo urbana), a tempo parcial e/ou de autoconsumo que, no seu conxunto, ten moita importancia cualitativa e cuantitativa aínda que permaneza oculta no censo agrario.

4. CONCLUSIONES

Por todas estas razóns, ao meu entender, utilizar o concepto e os datos da Superficie Agrícola Utilizada (SAU) para facer análises ou propostas non é o máis axeitado, aínda que se cadra agora mesmo non haxa máis remedio que facelo. Considero que sería preferíbel utilizar o concepto de “Superficie (agraria) Útil para a Producción Agrogandeira”, que incluíría non só a superficie actualmente utilizada, senón tamén aquela outra susceptible de ser utilizada noutras circunstancias, con outro modelo agrario ou con outras políticas agrarias. A maiores, considero conveniente analizar por separado a superficie ocupada polos cultivos destinados ao consumo humano directo e a superficie ocupada polos aproveitamentos destinados a alimentar o gando (fundamentalmente o herbívoro) porque iso proporciona unha visión máis matizada da realidade. E tamén, se é posíbel, examinar de xeito individualizado as categorías que compoñen cada un deles. **FIN ■**

MONTES ▶ Os terreos con máis de 15 hectáreas disporán de prazo para facelo ate finais do ano 2028

Os montes de 15 ha. ou menos deben ter un instrumento de ordenación ou xestión forestal

Nas parcelas que non dispoñan desta ordenación quedan prohibidos os aproveitamentos de madeira e pasteiros

O pasado 31 de decembro, entrou en vigor a obriga de ter un instrumento de ordenación ou xestión forestal nos montes con superficie menor ou igual a 15 hectáreas. Así o contempla a Lei de Montes de Galicia, afectando a todas as parcelas de monte do noso territorio. Aquelas que teñen unha superficie superior ás 15 hectáreas dispoñen de prazo até finais de 2028.

Esta disposición limita os aproveitamentos que se poden realizar, xa que pasado este prazo sen dispoñer do citado instrumento en vigor quedan prohibidos os aproveitamentos comerciais de madeira (agás os de obrigada execución, os de madeira queimada e as cortas sanitarias) así como aproveitamentos de pastos.

Os aproveitamentos de pastos poderán realizarse se están recollidos nun plan de aproveitamento silvopastoral. Por outra banda, para sortear a obriga de contar cun instrumento de ordenación habilitouse a opción de adhesión aos modelos silvícolas e referentes de boas prácticas.

Dende o SLG achamos que os modelos silvícolas son un engano que non beneficia nin ao monte, nin ós/ás propietarios/as das parcelas. A ordenación de montes é unha ferramenta necesaria para asegurar un futuro sustentable dende o punto de vista económico, ambiental e social, mais entendemos que é aplicable en superficies de certa entidade.

A este respecto, sempre reclamamos -tanto na tramitación da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, do Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións

xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, como na Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, así como en todas as modificacións das mesmas- que se aplicase unha excepción ás parcelas de pequena superficie, tal e como se permitía na Lei 43/2003 de Montes, dadas as características do noso territorio, con parcelas de monte moi atomizadas. Fomentando, en todo caso, a xestión conxunta.

Neste senso, consideramos que nas parcelas inferiores a 1 hectárea non ten sentido a aplicación dun plan de ordenación de montes. Por outra banda, os modelos silvícolas non son instrumentos de ordenación se non que corresponden a estándares de manexo de masas sen consideracións sobre a distribución espacial de especies, a estación climática, a conservación de solos, o mantemento da biodiversidade, a protección das masas nin a xeración de valor engadido ou a viabilidade económica.

Como resultado da negativa reiterada do goberno de Feixóo a escoitar as propostas feitas polos colectivos do Consello Forestal de Galicia, temos como resultado que nos montes nos que nin cabe un carro de través imos estar obrigados a manter unha masa forestal na que nos virán marcadas as densidades de plantación, as tarefas de mantemento, o número de podas e aclareos, o ano en que hai que facelos, así como a quenda corta. O que só servirá para afondar máis no abandono dos montes e na despoboación do rural, que terá como fin último que a industria da trituración non se vexa desabastecida e que o acaparamento de terras se perciba como unha solución ao problema.

VIÑO ▶ O Programa de Axuda ao Sector Vitivinícola non tivo case ningunha incidencia na Galiza

O viñado podería entrar no reparto de axudas da nova Política Agraria Común

Porén, se continúa o reparto de cartos en base ás hectáreas, a nosa terra seguirá marxinada fronte aos viñedos latifundistas

O pasado 10 de decembro, o SLG organizou unha xornada informativa en Ribadumia sobre viticultura na que participaron o responsábel do sector, Bernardo Estévez, que falou de como está a influír o cambio climático no viñado; e Ana Rodríguez, técnica especialista en Política Agraria Común, que falou do sector diante da vindeira reforma da PAC.

Rodríguez centrou a súa intervención en dous temas: o reparto de fondos e os cambios de normativa con respecto ao sector vitícola.

Analizando o Programa de Apoio ao Sector Vitivinícola 2019-2023, a conclusión é que son axudas que non se adaptan á realidade galega. Un bo exem-

plo témolo nas axudas a reconversión e reestruturación do viñado. Na Galiza, acolléronse só o 0,65% das hectáreas totais do Estado, sempre concentradas en grandes empresas.

Na nova PAC, agárdase que o programa de apoio ao sector vitivinícola siga tendo esa incidencia mínima na Galiza. Outra cuestión sería que o Ministerio propuxese que todos os sectores teñan acceso ás axudas por hectárea sen a necesidade de ter dereitos. Neste caso, o viñado galego tamén entraría nese novo pago. O problema é que se o pago por hectárea é igual en todas as comunidades, na Galiza, coa súa estrutura minifundista, sería o mesmo que non ter axudas (agás para grandes empresas con grandes extensións de terra).

Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego seguimos defendendo como mellor solución un único pago da PAC como axuda básica á renda.



A técnica Ana Rodríguez foi a encargada de falar sobre as posibles consecuencias que pode ter a Política Agraria Común no sector vitivinícola galego

Bruxelas quiere ampliar as novas plantacións de viñado até 2040

Polo que se refire a outras normativas que se están negociando e que afectan moito o sector vitivinícola, teríamos que falar do Regulamento 1308/2013 que é o que marca as pautas de cuestións como plantación de viñado, variedades de uva a autorizar, prácticas enolóxicas, etiquetaxe, denominacións de orixe, etc. Aquí, tampouco se agardan grandes cambios, máis é importante para Galiza non baixar a garda porque esta normativa condiciona totalmente o sector. Non todo son subvencións.

Neste senso, están pendentes de negociación:

- ✓ As autorizacións para as novas plantacións: ampliación deica o ano 2040 do sistema actual de plantacións de viñado que estaba previsto deica o ano 2030.
- ✓ Introducción de variedades de uva de vinificación pertencentes á especie *Vitis labrusca* e non só da *Vitis vinífera*, única especie autorizada na UE.
- ✓ A introdución dos termos viños desalcoholizados ou parcialmente desalcoholizados.

A finais de outono, a Xunta comunicaba o levantamento da prohibición de plantar pataca en nove concellos afectados pola praga da couza guatemalteca (*Tecia solanivora povolny*): Cariño, Ortigueira, Neda, Lourenzá, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Ribadeo e O Valadouro. Así, estes municipios deixaron de ser considerados zonas infestadas e pasaron a ser zonas tampón, polo que se poderá volver cultivar pataca neles.

En caso de que se volvese detectar a presenza da couza guatemalteca nestes concellos, Medio Rural procederá a novos peches de dous anos por zonas ou parroquias. Para controlalo, nestes municipios existe a obriga de notificar as plantacións de

Medio Rural anula a prohibición de plantar pataca en nove concellos da Mariña

pataca que se fagan cubrindo unha declaración antes do 1 de abril. Aquelas plantacións de pataca non declaradas serán consideradas ilegales e poderán ser sancionadas.

No lado negativo, declaráronse como novas zonas infestadas as parroquias de Sorrizo e Chamín, en Arteixo, quedando como zonas tampón as parroquias de Barrañán e Armentón. Seguen considerándose zonas infestadas co cultivo de pataca prohibido: Mañón, Muxía, Na-

rón, San Sadurniño, Valdoviño, Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Mondoñedo, Trabada, O Vicedo, Viveiro, Xove e algunhas parroquias de Arteixo, A Laracha e Carballo.

■ Críticas do SLG á opacidade

Dende o Sindicato Labrego Galego da Mariña, denunciouse a opacidade da Xunta á hora de declarar zonas infestadas ou libres de couza guatemalteca: "Non coñecemos que datos motivan a apertura nuns concellos e

o mantemento do peche noutros, de igual maneira que descoñecemos a xustificación do emprego do límite municipal (fronte ao parroquial, por exemplo) á hora de abrir e pechar territorios".

Tamén axudou a crear confusión o feito de que o anuncio do levantamento da prohibición se coñecese antes a través dos medios de comunicación que como un anuncio oficial da Xunta, ademais de ser feito a finais novembro, unha data "na que a semente debería estar sendo encargada".

Por todo isto, dende o SLG pedíuselle a Medio Rural "a publicación dos resultados da mostraxe de 2020 que xustifican o mantemento do peche na maioría dos concellos mariñáns".

LEITE ▶ Do mesmo xeito que coas anteriores estratexias para o sector, seguirá sen haber ferramentas de diálogo para chegar a consensos en temas como os prezos

Enésimo plan lácteo da Xunta tras pechar a metade das granxas durante a era Feijóo

Na presentación das súas políticas leiteiras, Feijóo gabouse da suba do prezo do leite, cando seguimos co máis baixo do Estado

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou, a finais do ano pasado, na presentación da nova Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo 2020-2025 da Xunta oficiada polo conselleiro de Medio Rural, José González, e o presidente, Alberto Núñez Feijóo. Vilalba expresou o seu sentimento de perplexidade diante do triunfalismo inxustificado do Goberno da Xunta, que se esforzou en bosquexar unha imaxe idílica do sector lácteo galego que pouco ou nada ten que ver coa realidade.

Un bo exemplo deste triunfalismo foi anunciar que o prezo medio do leite en Galiza subiu no último mes rexistrado daquela polo Fega (outubro). Se ben é certo que amosou un lixeiro ascenso, chegando aos 32,7 céntimos, non é menos certo que ese prezo levaba un ano caendo e que seguimos a ter o valor medio máis baixo do Estado e dos máis baixos da Unión Europea. Así, cos últimos datos publicados polo Fega ao peche deste Fouce (decembro 2020) os 32,9 céntimos por litro de media na Galiza seguían estando moi lonxe dos 33,9 que se cobran no conxunto do Estado ou dos 35,8 de Asturias. Nada que ver co que cobran as granxas nas principais potencias produtoras da UE: Francia (37,04 céntimos), Italia (35,9), Holanda (34,2), Austria (41,4), Alemaña (35,13) ou Irlanda (37,5). Tampouco falamos de que, nos últimos meses, os con-



Na posta en escena da nova Estratexia de Dinamización do Sector Lácteo até participou o presidente da Xunta, Núñez Feijóo

tratos estiveron negociándose á baixa, decote baixo extorsión das industrias en caso de que os labregos e labregas se neguen a falsear a cláusula dos custes.

Tamén anunciou Feijóo que se aumentou a facturación en 40 millóns de euros con respecto do ano pasado e que o sector lácteo galego nunca estivo tan

ben. Habería que preguntarse por que, entón, o prezo do leite non deixou de caer durante todo este ano na Galiza.

A pesares da estratexia da Xunta, Lactalis e Reny Picot forzan novos contratos á baixa

A comezos de marzo, todo seguía igual na Galiza a pesares da Estratexia para o Sector Lácteo. De feito, dende o SLG tivemos que volver denunciar que industrias, neste caso Lactalis e Reny Picot, están obrigando a asinar os novos contratos á baixa. No caso da multinacional gala, resulta un agravio comparativo insultante, xa que mentres en Francia Lactalis pactou subas de prezo coas granxas que lle fornecen, pagando un valor medio en 2020 de 36,9 céntimos; na Galiza segue forzando contratos á baixa, contribuíndo a termos o peor prezo medio do Estado e un dos máis cativos da UE. De feito, temos granxas que están a denunciar unha baixada dun céntimo no prezo do leite para os novos contratos que está a ofrecer Lactalis. Trátase dun feito de extrema gravidade habida conta que esta industria francesa é a principal compradora de leite na Galiza, recollendo máis de 500 millóns de litros de leite por ano a unhas 1.500 explotacións da nosa terra.

No caso de Reny Picot, a depreciación está a

ser de medio céntimo, que se pode incrementar dependendo do punto crioscópico do leite, co cal se estarían a penalizar as granxas que teñen as vacas en réxime de pastoreo e, polo tanto, as máis sostíbeis e respectuosas co entorno.

Esta nova baixada prodúcese nun difícil contexto no que o prezo dos cereais e, polo tanto, da alimentación animal, se incrementou notablemente nos últimos meses e a nivel internacional, factor que debería repercutir nun aumento do valor do leite en orixe como compensación. Neste senso, resulta indignante que, a finais de febreiro, coñecésemos a nova de que a distribuidora Lidl estaba a anunciar un acordo con Lactalis para subir o prezo do leite, de maneira que o incremento repercuta positivamente nas explotacións francesas, que si poderán compensar o aumento dos seus custes de produción, e que se estean a negociar subas con outras distribuidoras; ao tempo que na Galiza seguen forzando os prezos á baixa.

MOCIDADE ▶ Dende as oficinas agrarias comarcais informaron que non convocaban en 2021 cando nin sequera resolveron aínda as convocadas en febreiro de 2020

O SLG pide a Medio Rural unha solución urxente ás axudas de incorporación

Trátase dunha liña de subvencións esencial para un agro, como o galego, cunha media de idade que roza os 60 anos

Probablemente, as axudas para a creación de empresas para os agricultores mozos, máis coñecidas como axudas de incorporación, son unha liña de subvencións, financiada polo PDR, das que se antollan máis importantes para o noso agro. Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE), correspondentes a 2016, só o 5,68% das titulares de granxas de Galiza tiñan menos de 40 anos; mentres que o 40,59% xa pasara dos 65 e o 17,23% xa andaba entre 60 e 64 anos. A idade media dos e das titulares físicas de granxas na Galiza está en 58,36 anos.

Evidentemente, se dende os poderes públicos non se apoia e decididamente a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, o que nos deparan os vindeiros anos vai ser unha agudización insostible do despoboamento rural. Por iso, non se entende que chegasen a barallar a posibilidade de non convocar as de 2021, segundo informaron inicialmente nas oficinas agrarias comarcais, e que as solicitudes efectuadas en febreiro de 2020, data da última convocatoria, sigan sen resolver.

De non convocarse estas axudas de incorporación en 2021, toda unha xeración de mozos e mozas que quixesen iniciar proxectos agrogandeiros no rural (a xeración nacida en 1980-81, que xa teñen 40 anos ou está a piques de cumprilos, límite de idade para poder solicitar estas subvencións) ficará fóra do sistema e sen apoios públicos para


iniciar os seus proxectos.

✓ **Só 1.822 incorporacións nos últimos catro anos**

Nos catro anos que levamos de período, aprobáronse 1.822 solicitudes de axuda na Galiza, o que supón que, como mínimo, 1.822 mozos e mozas iniciaron unha actividade no medio rural, moit@s con novos proxectos, contribuíndo a revitalizar un campo moi avellentado.

Iniciar unha actividade agrogandeira no rural é custoso e require, aparte dun importante esforzo e compromiso persoais, recursos económicos, polo que estas axudas son de vital importancia. Non vale a escusa de que non hai cartos para que non se abra a convocatoria de 2021, xa que todos os anos sobrou diñeiro do destinado a esta liña.

Podemos entender que non se convoquen as axudas para plans de mellora ou para pequenas granxas, pero unha axuda tan básica como é a de incorpo-



O número de titulares de granxas dispárase a partir dos sesenta anos de idade

ración de mozos á actividade agraria non. Galiza ten un grave problema co éxodo rural, e feitos como que só optasen ás axudas de incorporación 1.822 mozos e mozas, ou que se insinuase a posibilidade de non convocalas en 2021 coa escusa da falta de orzamento, son inxustificables e supoñen a expresión do fracaso das políticas agrarias da Xunta, que están a

favorecer que Galiza sexa cada vez máis vulnerable e dependente nunha cuestión tan básica como é a alimentación da súa cidadanía. Unha capacidade, a da soberanía alimentaria, que vira esencial nestes tempos nos que un confinamento ou unha simple nevarada poden deixar desabastecidas de alimentos básicos millóns de persoas dun día para outro.

A Consellaría responde a nosa denuncia asegurando que convocará en 2021

De maneira inmediata, dende o SLG pedímoslle á Consellaría de Medio Rural que convoque unha nova anualidade destas axudas ou prorrogue a orde de axudas de 2020, xa que aínda están sen aprobar as resolucións.

Para que isto sexa factible, faise necesaria unha inxección de fondos para esta partida orzamentaria. A maiores, de cara ao novo período 2021-2027, dende o SLG pedimos:

- ✓ Orzamentos claros e suficientes.
- ✓ Incorporacións progresivas e/ou por obxectivos, baseadas nun plan de incorporación (é dicir, as persoas beneficiarias van paso a paso, recibindo a axuda segundo vaian precisando financiamento até un tope establecido).
- ✓ Adianto do importe das axudas para axudar realmente á realización dos investimentos precisos, sen necesidade de recorrer a préstamos bancarios.

- ✓ Incorporacións tuteladas que fomenten o relevo xeracional nas granxas nas que non existe.
- ✓ Axudas para a incorporación a maiores de 40.
- ✓ Prazo de solicitude aberto durante todo o ano/período.
- ✓ Prioridade a proxectos agroecolóxicos baseados na sustentabilidade, na economía local e no comercio de proximidade.

✓ A Xunta comprometeuse a manter as axudas tralas denuncias do SLG

A raíz dun comunicado enviado polo SLG para denunciar o bloqueo das axudas de incorporación, a Consellaría de Medio Rural fixo pública a súa intención de convocalas de novo este 2021. En canto á demora para resolver as de 2020, dende a Xunta aseguran que o atraso débese á ampliación excepcional en tres meses dos prazos para presentar licenzas e permisos.

FORESTAL ▶ Acabou sendo aprobado grazas á maioría absoluta do PP no Parlamento e agravará os problemas do noso monte, como os lumes ou a eucaliptización

O SLG na fronte social contra o Plan Forestal de Galiza argallado pola Xunta

Segue promovendo a forestación de terras agrarias e até contempla un aumento da superficie de *Eucalyptus nitens*

Unha fronte de organizacións sociais, ecoloxistas, agrarias e sindicais, entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego, leva un mes de mobilizacións para enfrontarse á primeira revisión do Plan Forestal de Galiza (PFG), que se debateu no Parlamento Galego o 23 de febreiro e, finalmente, foi aprobado grazas á maioría absoluta do PP ao día seguinte.

A primeira das accións que se levaron a cabo para tentar frear o texto lexislativo foi organizar xuntanzas cos partidos políticos con representación parlamentaria: o 5 de febreiro co Grupo Popular (Elena Candia e Daniel Vega); e o 9 de febreiro co PSOE (Martín Seco, Carmen Rodríguez e Pablo Arambuena) e co BNG (María Albert e Carme Aira). A estas dúas últimas reunións asistiu o compañeiro Diego Sánchez.

Finalmente, convocouse unha concentración diante do Parlamento de Galiza o mesmo día no que se debatía o Plan Forestal. Tanto nas xuntanzas, como nunha rolda de prensa realizada o 19 de febreiro, as organizacións que formamos parte da fronte expuxemos o decálogo de argumentos que nos levou a este rexeitamento frontal do Plan Forestal do PP:

1. Fai unha diagnose ficticia da situación do monte galego a partir dun inventario forestal irreal e desfasado (datos de 2009), que descoñece a superficie de partida do *Eucalyptus globulus* e do *Eucalyptus nitens*. A primeira revisión do



O mesmo día que o Plan Forestal se sometía a debate parlamentario, o 23 de febreiro, fíxose unha concentración de protesta

Plan Forestal debería partir da actualización do Inventario Forestal Galego.

2. Carece de consenso social. Na súa tramitación non se viron representados todos os axentes sociais vinculados ao monte e ao medio rural.

3. Responde unicamente a intereses produtivistas e de carácter privado, poñendo a ordeñación dos usos do monte en mans das empresas madeireiras e forestais, e deixando de lado o interese público e xeral e a necesidade de manter unha reserva de hábitats naturais polo seu valor ecolóxico.

4. Fomenta o monocultivo e o aumento de especies pirófitas e invasoras até acadar 1,4 millóns de hectáreas de piñeiros e eucaliptos en 2040, e o aumento de 3 millóns de m³ de cortas anuais de madeira de baixo valor engadido ata acadar os 12 millóns de m³ de cortas por ano.

5. Propón aumentar aínda máis a superficie ocupada por eucalipto *Eucalyptus nitens*, pese a ter rebasado xa en máis do dobre as previsións para 2030, e en detrimento das masas forestais autóctonas que apenas sufrirán incremento nos vindeiros 20 anos.

6. Promove a forestación de terras agrarias, ao deixar en mans de empresas madeireiras e forestais máis de 150.000 Ha destes terreos.

7. Favorece a vulnerabilidade do monte galego fronte ao cambio climático e desvía investimentos destinados a fins de conservación e servizos ambientais para fins produtivistas.

8. Potencia a proliferación e intensificación dos lumes forestais e a privatización da loita contra os incendios. Non ten solucións para as causas estruturais dos incendios e segue primando o investimento na extinción fronte á prevención.

9. Agrava a situación de abandono e desertización do rural galego, impedindo o desenvolvemento dun monte multifuncional que xere riqueza e recursos diversos para as persoas que viven e traballan no rural. Desbota unha vez máis a oportunidade de apostar por un modelo de monte sustentábel, pola madeira de calidade e polo peche dos ciclos produtivos dos distintos aproveitamentos do monte.

10. Alenta a desaparición dos montes veciñais en man común, favorecendo a súa privatización e a eliminación do carácter xermánico da titularidade veciñal. Propón a revisión da condición de veciño/a comuneiro/a, de dotar as mancomunidades de montes de personalidade xurídica, e que as comunidades de montes tributen no imposto sobre sociedades, como se fosen empresas mercantís.



VIÑO ▶ Volven repetirse os mesmos nomes de convocatorias pasadas entre as máis agraciadas, cun claro desequilibrio a favor da denominación de orixe Rías Baixas

Quince adegas e empresas acaparan o 50% das axudas vitivinícolas de 2020

Medio Rural segue a manter unhas bases nas tres convocatorias de subvencións para o sector que favorecen ás grandes

A Consellaría de Medio Rural publicou o 1 de febreiro a listaxe de persoas e empresas beneficiarias das **axudas para a reestruturación do viñado** do ano 2020 e, unha vez máis, unhas poucas empresas e adegas acaparon a maior parte dos cartos. Estamos falando de case tres millóns de euros (2.994.777 €) que se repartiron entre 166 be-

neficiarios. Deses cartos, os 10 solicitantes máis favorecidos quedaron co 41% dos cartos (1.226.463 €). Se afinamos, comprobaremos que só os cinco primeiros (o 3% dos solicitantes) acaparon máis do 27% do orzamento: 817.141 €.

A maiores, o 8 de febreiro publicábase no DOG a listaxe de beneficiarias das **axudas para a promoción do viño en terceiros países**. Neste caso, estas axudas case poderían poñer como requisito a adscrición á denominación de orixe Rías Baixas, porque do 1.345.069 € repartido, 1.297.054 € (o 96,5%) foi

parar a esta zona xeográfica. Das 19 beneficiarias, só dúas de Ribeira Sacra e dúas do Ribeiro entraron no reparto co 3'5% restante. Unha vez máis, o único consello regulador que levou algo nesta liña de axudas para a promoción en terceiros países foi Rías Baixas (371.239 €). Despois, coma sempre, as grandes adegas privilexiadas en axudas de Rías Baixas e de Galiza leváronse a maior parte da torta. En concreto, case o 52% dos cartos foron para catro adegas: Martín Códax (172.762 € ao seu nome e 48.048 € a través de Viñas e Adegas Galegas), Terras Gauda

(249.961 €), Pazo Pondal (146.663 €) e Adegas Valmiñor (80.143 €).

Posteriormente, o 10 de febreiro, sabiamos da resolución das **axudas para investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas (IECPV)**. As 31 adegas e empresas beneficiadas repartíronse 2.318.839 €, pero as 7 afortunadas que cobraran cantidades de seis díxitos levarán 1.442.788, o 62% dos cartos. Como non podía ser doutra maneira, Martín Códax e Terras Gauda volveron estar entre as agraciadas. **SEGUE ▶**

Martín Códax volve encabezar o podio con máis de medio millón de euros en subvencións

Sumando as tres liñas de subvencións, o podio de 2020 das 15 adegas máis beneficiadas por axudas públicas ao sector vitivinícola levaría case o 50% dos cartos totais (3.225.142 € dun total de 6.658.685 €). Quedaría así:

1. Martín Códax: Un ano máis foi a máis agraciada. Desta vez, sacou 172.762 € ao seu nome para promoción e 240.400 € para IECPV. A maiores, a través de Viñedos e Adegas Galegas, 48.048 € para promoción e 112.075 € para reestruturación. En total, **573.285 €**.

2. Terras Gauda: Unha axuda de 249.961 € para promoción en terceiros países e outra de 80.334 € para IECPV. En total, **330.295 €**.

3. Vía Atlántica: O grupo empresarial da familia Méndez Rojo sitúase en terceiro lugar cunha única axuda para IECPV: **321.427 €**

4. Condes de Albarei: A adega de Rías Baixas tamén copa o cuarto posto cunha única axuda de IECPV: **264.509 €**

5. Señorío de Rubiós: Esta adega de As Neves (Rías Baixas) recibirá dúas axudas, unha ao seu nome de 166.838 € e outra para Servicios Agrícolas San Juan de Rubiós, empresa coa que comparte sede social, de 89.655 €. En total, **256.493 €**.

6. Terras de Asorei: **212.497 €** cunha única axuda de IECPV.

7. Viñedos e Terrazas de Outeiro: Dúas empresas (Viñedos de Outeiro SL e Terrazas de Outeiro SL), coa mesma sede en Quiroga e os mesmos administradores, levarán 108.718 € e 67.331 € para reestruturación respectivamente, **176.049 €** en total.

8. Pago de los Capellanes: Esta empresa propiedade da familia Roderro Villa, de Ribera del Duero, obtén dúas axudas: 20.043 € para reestruturación e 135.446 € para IECPV. En total, **155.489 €**

9. Pazo Pondal: **146.663 €** para promoción en terceiros países.

10. Señorío del Sobral: Leva unha axuda para IECPV de **139.578 €**.

11. Virxe de Galir: Outro ano máis, esta adega de Valdeorras propiedade de CVNE (Cooperativa Vinícola del Norte de España) d'A Rioxa, será unha das que máis axudas leve para reestruturar en 2020. En total **137.089 €** divididos en tres axudas: Unha a Agrogalir de 62.639 €, outra a Virxe de Galir de 33.077 € (ambas con sede en Álava) e, finalmente, unha terceira a título persoal a María Aranzazu Barros (administradora da adega) de 41.373 €.

12. Lagar da Condesa: A predisposición a dar algunhas das mellores axudas para a reestruturación do viñado en Galiza a empresas foráneas continúa con Lagar da Condesa, que levará **135.435 €**. Esta adega de Rías Baixas é propiedade da familia Gil, de Jumilla.

13. Agro de Bazán: Esta adega de Rías Baixas propiedade de Bodegas Baigorri (A Rioxa) levará 57.042 € para reestruturación e 76.483 € para promoción en terceiros países. En total, **133.525 €**.

14. Cooperativa Vitivinícola Arousana: **128.931 €** para IECPV.

15. Grupo Bodegas Gallegas: Para reestruturación leva unha axuda a través de Viñedos del Noroeste (46.717 €) e outra a través de Rectoral do Umia (46.773 €). A maiores, Rectoral do Umia tamén levará 28.218 € para IECPV. En total, suma **121.404 €**.

✓ Volven repetir Marisol Bueno e Horacio Gómez

Se analizamos as listaxes de adegas beneficiadas fóra deste amplo podio, seguen aparecendo vellas coñecidas do acaparamento de axudas vitícolas: **Grupo Reboreda-Morgadío** (99.899 € a través dunha axuda de 32.599 € para IECPV e outra de 67.300 € para reestruturación a nome de Bodegas Campante SA), **Altos de Torona** (92.713 € para que o ex-presidente do Celta de Vigo, Horacio Gómez, poida seguir "reestruturando"), **Viña Costeira** (55.786 € para IECPV, 14.967 € para promoción en terceiros países e 17.716 € para reestruturación. En



Rías Baixas volveu ser a grande favorecida, tanto por adegas como polo seu consello regulador. Na imaxe, Pazo de Mugartegui en Pontevedra, onde ten a sede

total, **88.469 €**), **Pazo Señoráns** (Marisol Bueno, ex-presidenta do Consello Regulador de Rías Baixas e ex-deputada do PP, apañará 37.728 € para reestruturación e 44.812 € para promoción en terceiros países; en total, **82.540 €**), **Adegas Valmiñor** (80.143 € para promoción), **La Rioja Alta** (78.200 € para reestruturación por Lagar de Fornelos, en Rías Baixas), **Pazo Blanco Núñez** (74.272 €), **Bocaleón Ibérica SL** (70.946 € para o grupo La Penela, con tres pazos para hostalería e restauración e restaurantes en cidades como A Coruña, Madrid, Barcelona ou Bogotá, ademais de viñedos en Rías Baixas), **Grupo Varma da Rioxa** (53.594 € para Marqués de Vargas) ou **González Byass de Xerez** (32.333 €), por citar algúns dos máis coñecidos.

As políticas da Xunta favorecen o acaparamento de viñedos

Dende o SLG levamos anos denunciando as regras tramposas da Consellaría de Medio Rural para conceder subvencións no sector vitivinícola e as consecuencias que están a ter. As regras do xogo fan que só grandes adegas e grupos empresariais sexan quen de cumprir todos os requisitos para aprobar grandes proxectos de reestruturación e plantación, quedando fóra do reparto a maioría dos viticultores e viticultoras ademais das pequenas adegas.

Isto está a favorecer a concentración cada vez maior da produción de viño e de viñedos en menos mans. De seguirmos así, nun sector vitícola moi envellecido, a previsión é que a totalidade da produción de viño, dende o acio á botella, fiquen concentrada nun oligopolio e que as últimas explotacións vitícolas e pequenas adegas fiquen expulsadas do mercado, as primeiras por non ter a quen venderlle a uva e as segundas por non dar competido nin en prezos nin en comercialización contra estes xigantes.

Por iso, dende o SLG volvemos reclamar que a Consellaría se reúna cos axentes do sector para deseñar un reparto de axudas máis equitativo que garanta a continuidade da pequena viticultura e das adegas menos dimensionadas en aras de mantermos un rural vivo, unha distribución da riqueza máis xusta no sector, e a diversidade na quen reside un dos principais activos do noso viño. **FIN** ■

A gran estafa: 9.400 millóns

► VÉN DA PÁXINA 32

Feixóo cumpriu co seu plan de aprobar a Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica canto antes. Fíxoo o 23 de febreiro, deixando así o camiño preparado para cando comecen a chegar os inxentes fondos europeos do Programa Next Generation cos que se pretende financiar a recuperación económica para superar a crise da Covid-19.

E aí entramos nunha segunda fase. Con esta lei a favor, xunto ás de Mobilidade de Terras e Ordenación Territorial, e cos fondos que recibirá Galiza de Bruxelas, as grandes empresas de sempre están a refregar as mans. De feito, xa podemos cuantificar o botín, pois fíxoo público Feixóo a finais de outubro: 9.400 millóns de euros que se repartirán 108 proxectos empresariais. O problema é que descoñecemos totalmente de que proxectos se trata, xa que se manteñen en absoluto segredo.

Das liñas que se adiantaron, sabemos que a metade dos cartos, 4.700 millóns, serán para 32 proxectos de modernización do tecido produtivo. Tamén irán 2.700 millóns para “*promover a mobilidade sustentable e a transición ecolóxica*” (é dicir, capitalismo verde); 1.300 millóns para 27 proxectos que, seica, incidirán nunha maior cohesión territorial de Galiza (probablemente vías de comunicación e telecomunicacións) e os 614 millóns restantes para 16 actuacións destinadas a “*unha administración máis dinámica e dixital*” (o que nos fai temer que se vaia afondar aínda máis na fenda telemática dos servizos administrativos, que exclúe un sector importante da poboación que carece dos coñecementos ou dos medios necesarios para facer xestións a través das novas tecnoloxías; e que, de paso, aproveiten para facer máis recortes de persoal a Administración).



O premio gordo dos fondos europeos podería caerlle a Amancio Ortega

Polo de agora, só transcendeu que un dos proxectos que se apoiará con estes fondos será un para fabricar fibras téxtiles. Neste contexto no que se quere enverdecen o capitalismo, o mercado pide fibras nas que non se teña utilizado como materia prima madeira de bosques primarios ou ameazados, polo que o eucalipto galego será a solución ideal de cara a fabricar os seus tecidos “sostibles”, nomeadamente viscosa. A viscosa está presente nas prendas de verán, lixeiras e transpirables, pero tamén nos cueiros, gasas sanitarias e mesmo nas máscaras de protección que temos a obriga de usar en tempos de pandemia. Só en 2019, Inditex fabricou 13 millóns de prendas con este tipo de fibra téxtil, polo que diversos medios de comunicación apuntan que será esta empresa a grande beneficiada na Galiza do proxecto, xa que, agora mesmo, a multinacional con sede en Arteixo vese na obriga de importar toda a materia prima coa que traballa.

Feixoo pretende destinar 850 millóns de euros dos fondos europeos de recuperación para crear esta fábrica que produciría, cada ano, entre 160.000 e 190.000 toneladas de viscosa, o que suporía o 3% da produción mundial. Ademais, este proxecto veríase favorecido polo novo plan forestal 2020-2040 de Feixoo, que contempla incrementar un 33,3% a corta de árbores (de 9 a 12 millóns de metros cúbicos) e unha nova lei para recuperar montes abandonados e poñelos a pro-

ducir dentro das fincas mobilizadas polo Banco de Terras.

A pesares da etiqueta de produción “sostible” ou “verde”, a viscosa ten un grandísimo impacto ecolóxico alí onde se fabrica, segundo teñen denunciado numerosos colectivos ecoloxistas, debido ao uso intensivo de produtos químicos e contaminantes que precisa. Ademais, esta nova industria favorecería unha expansión aínda maior do eucalipto e novos acaparamentos de terras a favor deste cultivo tan lesivo para o noso rural e a economía agraria de Galiza, amén de favorecer a proliferación de incendios forestais.

■ O Goberno á sombra de Inditex na Xunta

Cómpre lembrar que Inditex ten un posto no comité de expertos que van repartir os fondos europeos na Galiza pola crise da Covid; e que a parella do presidente da Xunta, e nai do seu único fillo, é Eva Cárdenas, que foi responsábel de Zara Home no imperio Inditex. Ademais, a mesma semana que a Xunta anunciou este proxecto, Feixoo fichou a Manuel Heredia como director xeral de Comercio. Heredia atopábase, nese momento, traballando para unha importante industria téxtil en Suíza e ten formado parte de Inditex no pasado. Tamén, recentemente, nomeouse como director do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a Fernando Guldrís, que foi executivo de Inditex, tras pasar por Xesgalicia como director xeral. **SEGUE ►**

de euros para 108 proxectos



Esforzos coordinados para esixir un reparto democrático e social dos fondos

Diante da inminencia dun reparto dos fondos europeos que se vai facer totalmente de costas á sociedade galego, diversas organizacións ecoloxistas, sindicais e colectivos sociais galegos, entre os que se atopa o Sindicato Labrego Galego, unímonos para expresar o noso frontal rexeitamento a esta maneira de actuar.

A primeira das accións de denuncia que realizamos foi unha serie de concentracións nas principais vilas e cidades galegas o 30 de xaneiro: A Coruña, Betanzos, Chantada, Compostela, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Ordes, Ourense, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Vilalba e Xinzo de Limia.

Case un mes despois, organizamos unha nova concentración, desta vez diante do Parlamento de Galiza, o 23 de febreiro, para denunciar a aprobación da Lei de Simplificación Administrativa, que só vai servir para achanzarlle o camiño ás grandes empresas e corporacións que se van beneficiar dos fondos Next Generation. Previamente, enviouse unha moción á case totalidade dos concellos de Galiza para que tamén se unan a esta oposición a un reparto de miles de millóns de euros fla-

grantemente inxusto e que pouco ou nada vai servir para recuperar a economía das familias. En concreto, fíxoselles ver que a Lei de Simplificación, tal e

como vimos na contraportada deste Fouce, usurpa competencias municipais á hora de conceder licenzas de obra ou de facer ordenación urbanística

140.000 millóns de euros para o Estado español

Os fondos europeos asignados ao Estado español ascenden a 140.000 millóns de euros, a metade como préstamos e a outra metade a fondo perdido pero condicionados a reformas estruturais no eido laboral e das pensións. Os fondos que achega a UE están a conseguirse a través da venda masiva de bonos de débeda que non saíran gratis e que, con toda probabilidade, haberá que pagar nun futuro.

O Goberno Español, a través da publicación do RD 26/2020, anunciou como pedra angular a colaboración público-privada, cos bancos como xestores “a título lucrativo” do diñeiro. Ademais, limitou as posibilidades de acceso aos cartos, impondo uns investimentos mínimos que unicamente poden cumprir os grandes proxectos corporativos dunhas poucas empresas. Mentres, a Lei de Simplificación Administrativa aprobada o 23 de febreiro no Parlamento galego, presentada polo PPDG para burlar a tramitación ordinaria como proxecto de lei do Goberno, non é máis que a continuidade da denominada Lei de Depredación, aprobada en 2017 tamén para favorecer os intereses das empresas mineiras e enerxéticas e outros proxectos especulativos.

Como xa vimos, no “Comité de expertos” creado pola Xunta non hai nin rastro de organizacións sindicais, sanitarias, de servizos sociais... nin sequera da pequena e mediana empresa. Semella que a Xunta xa repartiu o pastel e, polo que se vai sabendo, enfocando unha gran parte dos recursos cara á industria enerxética e as empresas que pretenden lucrarse cun novo espolio dos recursos do sector forestal galego.

No referente ao reparto dos cartos, dende a Coordinadora por un Reparto Xusto dos Fondos Next Generation pedimos:

- 1) Dar prioridade na contratación a proxectos estratéxicos de desenvolvemento local.
- 2) Centrar o orzamento nunha verdadeira transición ecolóxica e na descarbonización da economía. Os fondos deben investirse en construír unha sociedade máis resiliente fronte o cambio climático.
- 3) Os proxectos deben plasmar perspectiva de xénero e combater a desigualdade.
- 4) prioridade á colaboración público-comunitaria.
- 5) Os fondos debe apoiar iniciativas de persoas autónomas, labregas, mariñeiras artesás, de cooperativas e de pemes, por ser os segmentos laborais que máis empregos xeran e máis repartidos están por toda Galiza.
- 6) Máis investimento para saúde, educación, investigación, coidados e cultura.

Seguir apostando por aumentar os beneficios económicos de grandes empresas contaminantes que vulneran os dereitos das persoas traballadoras é unha gran inxustiza e non supón ningunha transición, nin ecolóxica nin social. **SEGUE ►**

Simplificación administrativa?

Non: Lei de Depredación II

Dende a Coordinadora por un Reparto Xusto dos Fondos Next Generation puxemos o foco na Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica, da que xa adiantamos unhas liñas xerais na contraportada, e coa que o PP, tras aprobala, achánzalle o camiño a grandes corporacións e empresas para seguir depredando o territorio e, por riba, financiadas cos fondos públicos de recuperación do Next Generation.

Nun comunicado, denunciámos que “a Lei de Simplificación o único que fai é desregular

a execución de grandes proxectos empresariais de grande impacto ambiental e socio-económico e, o máis preocupante, deixa sentada a base para que grandes corporacións e empresas poidan dispor dos nosos recursos e o noso territorio como desexen e sen control cidadán”.

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, foi a encargada de realizar a intervención final na manifestación contra a Lei de Simplificación, o 23 de febreiro, diante do Parlamento de Galiza, convocada pola Coordinadora por un Reparto Xusto dos Fondos Next Generation



Todo o devandito acadarase a través de catro ferramentas:

1. Cesión da avaliación ambiental de proxectos a empresas privadas: A Xunta abre a posibilidade de asignar a elaboración dos informes de impacto ambiental dos proxectos a “entidades de colaboración ambiental”, é dicir, a empresas privadas.

Diso encargárase un novo departamento con rango de subdirección xeral, a Oficina *Doing Business* (“facendo negocios”), encargada de acompañar a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e das iniciativas empresariais prioritarias. Ese “acompañamento” traducirase en apoios como “designar ou contratar xestores de proxecto para prestarlle ao suxeito promotor asistencia na tramitación administrativa e acompañamento e orientación no cumprimento dos distintos trámites”, dándolles financiamento público e acelerando os seus procesos administrativos coa subcontratación de empresas privadas para realizalos, como xa vimos.

2. Minimiza os prazos para avaliar grandes proxectos. Cando a Xunta recorra a estas empresas privadas, os prazos para emitir a declaración de impacto ambiental ou a declaración ambiental estratéxica pertinentes reducirase de tres meses a un. Cómpre ter en conta que, precisamente, este tipo de grandes proxectos industriais, pola súa dimensión e complexidade, son os que precisarían dun prazo maior para avaliar convenientemente os seus impactos e dar

Novas ferramentas para depredar mellor

tempo á cidadanía e sectores afectados a informarse ou presentar alegacións se fose o caso. Esta redución dos prazos a algo anecdótico e testemuñal, elimina completamente a participación cidadá e a fiscalización dos grandes proxectos empresariais que, decotío, son os que maiores impactos causan no medio ambiente e no territorio.

3. Creación dunha administración de dúas velocidades: Unha rápida e sen fiscalización para as grandes empresas; e outra lenta e chea de atrancos para o resto. Cos novos privilexios e prebendas que se lles van dar aos proxectos industriais estratéxicos e ás iniciativas industriais prioritarias(1), a Xunta creará dúas administracións diferenciadas: unha eficaz, rápida e con mínima fiscalización pública para as grandes empresas e corporacións con capacidade para promover grandes proxectos; e outra lenta, con prazos interminables e atrasos constantes nos procedementos, para o resto, vulnerando o principio de igualdade no trato nos procedementos administrativos.

4. Agrava o acaparamento de terras na Galiza. Nas últimas décadas, Galiza sufriu unha fortísima presión por megaproxectos a través dos cales unhas poucas empresas están a acaparar miles e milleiros de hectáreas de terras que xa non poderán ser utili-

zadas para outra finalidade. Un bo exemplo témolo en Ence e nos centos de milleiros de hectáreas que se usan na Galiza para fornecela de materia prima, mesmo usurpando ilegalmente

terras agrarias; pero tamén hai que citar as industrias mineira e enerxética como grandes acaparadoras. Por ilustralo co exemplo do sector eólico –que entendemos necesario para afrontar a emerxencia climática, mais de xeito ordenado, xusto e con participación das comunidades locais– a Lei de Simplificación permitirá a autorización de novas instalacións non previstas no Plan Sectorial Eólico, que prohibía expresamente novos proxectos non contemplados no seu texto. Ademais, non terán que someterse a un proceso de información pública todos aqueles proxectos de repotenciación de parques eólicos xa existentes que non superen o 20% da potencia instalada, os proxectos que non requiran unha avaliación ambiental ordinaria e os que non precisen declaración de utilidade pública. **FIN ■**

(1) **Proxecto industrial estratéxico:** Para ter esta categoría, a nova lei establece que un proxecto empresarial debe cumprir como mínimo dous destes tres requisitos: un investimento mínimo de 20 millóns de euros, creación dun mínimo de 100 postos de traballo ou complementar cadeas de valor e pertencer a a sectores estratéxicos.

Iniciativa industrial prioritaria: Debe cumprir dous dos seguintes tres requisitos: crear un mínimo de 25 postos de traballo, investir como mínimo 1 millón de euros e ser un proxecto tractor ou que complemente cadeas de valor de sectores estratéxicos.

EDUCACIÓN ▶ A Consellaría de Educación pretende pechar o centro escolar na localidade begontesa e adxudicar o transporte escolar courelao a outra empresa

Baamonde e Courel en pé de guerra por unha educación digna no rural

O Sindicato Labrego desenvolveu varias iniciativas de apoio á loita das familias e dos colectivos implicados

O Sindicato Labrego apoiou as mobilizacións que houbo en Baamonde e no Courel en defensa duns servizos educativos de calidade no rural.

No caso de Baamonde, existe unha forte oposición ás intencións da Xunta de pechar o seu centro escolar para concentrar o alumnado no CEIP Virxe do Corpiño, en Begonte. Cunha trintena de alumnos e alumnas, e dando asistencia directa a varias parroquias ademais de Baamonde, non se entende esta aposta por dismantelar un servizo esencial para a calidade de vida das familias e a formación da rapazada da zona.

Neste caso, o Sindicato Labrego Galego dirixiu un escrito ao conselleiro de Educación, Román Rodríguez, pedíndolle que dea marcha atrás na clausura do CEIP de Baamonde. Tamén, a proposta da nosa compañeira Margarida Prieto Ledo, acadamos o pronuncia-



Margarida Prieto Ledo, como coordinadora da Terra Chá, representou o Sindicato Labrego Galego no apoio dado ás familias afectadas de Baamonde

mento da Reserva da Biosfera Terras do Miño contra o peche. Desafortunadamente, nun pleno celebrado a finais de xaneiro, o equipo de goberno votou a favor de pechar o centro escolar, traizoando os intereses da veciñanza

Pola súa banda, as mobilizacións das familias courelás teñen que ver co transporte escolar. Este servizo estivo xestionado até agora por seis taxis do lugar. A intención da Xunta é a de licitar o transporte escolar de Folgoso do Courel a unha empresa que o xestione xunto

ao doutros concellos veciños.

Dado que os seis taxis non puideron participar na licitación, esta acabou recaendo nunha empresa que os substituíra por un autobús. Isto xera dous graves problemas: o autobús non pode acceder a todos os domicilios do alumnado debido ao seu tamaño, polo que se obriga a alumnos e alumnas a desprazarse varios quilómetros; e prívase aos taxis da xestión do transporte escolar, o que implica a perda dunha importante fonte de ingresos para seis familias da localidade.

MINAS ▶ Ambas foron apeladas no ano 2020

O TSXG ratifica dúas sentenzas contra os proxectos da Erimsa na Terra Chá

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) confirmou dúas sentenzas contrarias a proxectos de extracción de seixo na Terra Chá por parte da empresa norueguesa de capital chinés Erimsa. Estas sentenzas foron ditadas en ape-



lación polo TSXG despois de que, en xaneiro de 2020, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo ditase sentenzas desestimatorias contra a empresa.

Con estes litixios fronte ao Concello de Cospeito, Erimsa buscaba reactivar un procedemento caducado de 2008 para obter autorización á súa actividade en territorio cospeitense.

ROMA ▶ Está afectando o imposto de rodaxe

O SLG denuncia atrasos de até sete meses no Rexistro de Maquinaria Agrícola

Dende o SLG denunciámos atrasos inaceptables á hora de realizar inscricións no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) que, nalgúns casos, chegan aos sete meses. Dende o rexistro, escúsanse no forte incremento de traballo que supuxo transferir os tractores de máis de corenta anos sen cabina de protección homologada antes do 1 de abril, tal e como obriga o *Real Decreto 448/2020, de 10 de marzo, sobre caracterización e rexistro da maquinaria agrícola*.

Sexa cal sexa a causa, estes atrasos alleos aos labregos e ás labregas repercuten en que se lles está a denegar a exención no imposto de rodaxe que xestionan as deputacións. Isto é así porque, para poder solicitar a exención, precísase achegar o permiso de circulación, o cal non se pode expedir se antes o ROMA non xera a cartilla agronómica.


Dende o Sindicato Labrego mantivemos conversas coa Deputación da Coruña e chegamos a un acordo, en decembro do ano pasado, para poder facer as solicitudes de exención do imposto de rodaxe alegando que o trámite no ROMA xa se iniciara, pero que os atrasos impedían achegar a documentación requerida. Porén, en febreiro comezaron a denegarse estas solicitudes de exención, dando un prazo de un mes para achegar a documentación. Por este motivo, volvemos falar cos responsábeis da Deputación, que nos contestaron que tiñan constancia do problema e que tratarían de amañalo ben a través dunha alternativa interna, ben presentando esa débeda para ser recorrida máis adiante.

SERVIZOS SOCIAIS ▶ O Consello Galego de Benestar está demostrando unha nula capacidade para dar resposta aos problemas dos servizos sociais na Galiza

O SLG critica ante o CGB os recortes de enfermería en residencias xeriátricas

Pretenden reducir dun 5% ao 3% as camas de enfermaría nos centros de maiores a pesares de vivirmos unha pandemia

A representante do Sindicato Labrego Galego no Consello Galego de Benestar (CGB), Margarida Prieto Ledo, criticou o funcionamento deste órgano colexiado por non dar resposta aos problemas fundamentais que arrastra Galiza na xestión de diversos servizos sociais que son imprescindibles para miles de familias. Fíxoo no transcurso do pleno do CGB, celebrado o 10 de decembro, para debater o borrador da orde pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais. Para Prieto, este era un tema importante, pero non fundamental nin



O Sindicato Labrego Galego foi moi crítico coa pretensión de recortar dun 5% ao 3% as camas de enfermaría nas residencias de maiores da Galiza

urxente en comparación con outros como a xestión dos servizos sociais durante a Covid 19 ou a reforma do modelo das residencias de maiores.

Neste senso, Margarida Prieto lembrou que, cando se renovou este Consello hai dous anos,

acordouse a constitución dun grupo de traballo para facer unha análise conxunta sobre a situación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) en Galicia. “Pero, tras dous anos, a día de hoxe segue sen constituírse ese grupo

de traballo”. Da mesma maneira, tampouco se fixo nada destacable na xestión dos servizos sociais durante a pandemia.

Un tema co que foi moi crítica a representante do SLG foi a redución da esixencia de camas de enfermaría nas residencias do 5% ao 3% da capacidade autorizada, posibilitándolle ás entidades xestoras que soliciten a reconversión do exceso de camas de enfermaría como camas para residentes. “Esas camas son fundamentais para dar unha correcta e completa atención ás persoas residentes. Érano antes da pandemia e sono máis agora. En vez de recortar, deberían aumentarse e reforzarse”, expresou Prieto, ao que engadiu que, diante desta decisión “temos que volver denunciar o recorte e precarización dun servizo que consideramos esencial”.

MINAS ▶ Trátase de Marís 7134, da empresa Erimisa e afecta Frades, Mesos, Moar, Abellá e Papucín

Alegacións contra un proxecto que ameaza 3.000 ha. en Frades


O 16 de decembro de 2020, saíu publicada no DOG a exposición pública do proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e proxecto de restauración dunha solicitude de concesión de explotación mineira para Marís 7134, no concello de Frades e promovido por Erimisa.

Os terreos afectados están nas parroquias de Frades, Mesos, Moar, Abellá e Papucín. Unha vez máis, estase a poñer en perigo unha importante produción agrogandeira da zona agrogandeira, xa que este tipo

de actividade extractiva afecta gravemente a estrutura do solo, a calidade das augas e a produtividade de terreos que foron todos eles obxecto de procesos de concentración parcelaria.

A gravidade deste proxecto é que abrangue 3.060 hectáreas, máis dun terzo da superficie total do Concello de Frades.

Diante disto, o Sindicato Labrego Galego e a Comisión de Seguimento da Minería e Defensa do Rural de Mesía-Frades, iniciamos un proceso de presentación de alegacións propias e de asesoramento a todas



O proxecto Marís 7134 afecta un terzo da superficie total do municipio de Frades

aquelas persoas e entidades que quieran sumarse á oposición a

esta actividade extractiva en terra agraria.

MINARÍA ▶ A anulación producírase a comezos de 2020 por sentenza do Tribunal Superior en Galiza, pero a cementeira e o Concello de Triacastela recorreron

O Tribunal Supremo anula a licenza urbanística de Cementos Cosmos

A extracción de caliza desta filial da empresa brasileira Votorantim ameazaba a Cova de Eirós con pinturas paleolíticas

O Tribunal Supremo fixo pública, en decembro, a sentenza pola que se anula definitivamente a licenza urbanística ilegal coa que o Concello de Triacastela tentou legalizar a explotación que Cementos Cosmos explota directamente enriba da Cova Eirós, exemplo único da pintura rupestre na Galiza.

A licenza fora recorrida inicialmente pola Associação Sócio-Cultural O Iríbio co apoio da asesoría xurídica do Sindicato Labrego Galego, que xa conseguiran a súa anulación previamente nos xulgados do contencioso-administrativo, fallo confirmado a principios de 2020 polo Tribunal Superior de Xustiza da Galiza e que ago-



A Cova de Eirós, con pinturas rupestres que datan do Paleolítico no seu interior, estaba ameazada pola explotación mineira a ceo aberto de Cementos Cosmos

ra gañou firmeza coa inadmisión do recurso de casación que o Concello de Triacastela e Cosmos presentaran ante o Supremo.

A explotación de Cosmos é paradigma da minaría destrutiva, encontrándose dentro da contorna de protección e da contorna de amortecemento do Ben de Interese Cultural (BIC) Cova Eirós, finalmente decla-

rado como tal en 2019 logo de anos de atrancos e coa asistencia da ASC O Iríbio, que tamén solicitou, xunto con outros colectivos, que fose declarada Patrimonio da Humanidade da Unesco, como 19ª cova do grupo conformado pola Cova de Altamira e outras manifestacións da arte rupestre paleolítico do norte peninsular, en Cantabria, Asturias e Euskadi.

EÓLICO ▶ Trátase dun proxecto da era Fraga

O Tribunal Superior anula a autorización do parque eólico da Serra do Oribio

En xullo de 2019, a Xunta fixo oficial a aprobación definitiva da modificación do proxecto para un parque eólico promovido por Fergo Galicia Vento na Serra do Oribio, en Triacastela e Samos, á que dera luz verde o Consello da Xunta en xuño dese mesmo ano. O que se modificaba era un parque eólico que comezara a tramitarse en tempos da Xunta de Manuel Fraga.

Pouco despois de que o gabinete de Feixóo dese o seu visto e praxe á modificación, a plataforma Salvemos o Iríbio alertou da súa ilegalidade, xa que dende 2014 está prohibida a instalación de parques eólicos na Rede Natura, como neste caso. Finalmente, o 11 de decembro, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulaba o acordo do Consello da Xunta por "non ser conforme a Dereito".

MINARÍA ▶ Concedéranlle permiso na Consellaría de Medio Ambiente sen haber informe ambiental previo

A Xunta tenta encubrir as súas irregularidades denegando o permiso á mina de Beariz e Avión

A Xunta de Galicia denegou a concesión para explotar o proxecto mineiro Alberta I, que afectaba -principalmente nos municipios de Beariz, Avión e Forcarei- unha área de 12 quilómetros de longo e unhas 1.680 hectáreas de superficie (60 cuadrículas mineiras).

Trátase dun proxecto cuxo proceso está cheo de irregularidades como, por exemplo, carecer de informe de impacto ambiental. Así e todo, tiña o visto e praxe de altos cargos

das consellarías de Medio Ambiente e de Economía, Emprego e Industria, que poderían ter incorrido en presuntos delitos de prevaricación.

Dende a rede Contraminación, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, acolemos con cautela esta nova, xa que a denegación do permiso podería deberse a unha retirada temporal e estratéxica dos organismos públicos implicados para evitar a acción da xustiza.

XUNTA ▶ Pedírase o seu cesamento en varias ocasións

Destitúen a Tahoces e Couto, responsábeis de minas e lumes

Moi seguidas unha da outra, foron soadas as destitucións dos seus cargos do responsábel da prevención e extinción de incendios na Galiza dende 1996 (agás unha paréntese de tres anos durante o bipartito), Tomás Fernández-Couto; e do director xeral de Minas, Bernardo Tahoces.

Ambos víronse involucrados en escándalos de corrupción durante a súa xestión e de ambos pedimos en numerosas ocasións o seu cesamento. A última vez que pedimos a destitución de Couto, por exemplo, foi o pasado mes de setembro, por parte dunha ampla fronte



Ángel Bernardo Tahoces

de colectivos e organizacións, por non reforzar os equipos de extinción e vixilancia dos lumes e propiciar, así, unha nova vaga que arrasou miles de hectáreas tamén en 2020.

“Aldeas con horizonte”: O manifesto para coller as rendas do sector eólico

Uns 60 colectivos galegos do ámbito ecoloxista, sindical, veciñal, cultural -entre os que se atopa o Sindicato Labrego Galego-, xunto a plataformas de persoas e comunidades de montes afectadas por parques eólicos abusivos en Galiza, lanzamos o manifesto "Aldeas con Horizonte" polo que demandamos a moratoria de novos parques eólicos, a revisión dos xa aprobados nos que haxa conflito social ou ambiental e a elaboración dun novo marco normativo que promova no país un modelo de implantación desta enerxía máis ordenado, sostíbel, social, participativo, xusto e racional. Os colectivos asinantes pretendemos con este manifesto alertar sobre a ameaza que supón para o rural galego a implantación de parques eólicos cun modelo depredador e abusivo, ademais de desatender a normativa actual en materia ambiental, patrimonial e paisaxística. De seguido, transcribimos o texto resumido do manifesto que podes ler integramente en: bit.ly/ManifestoEólico

Galiza estase vendo sometida a un proceso de intensificación eólica sen precedentes, que resulta demolador para o medio rural e os habitantes. O actual modelo de implantación da enerxía eólica en Galiza segue tendo como referencia principal un marco normativo e institucional desfasado, de finais dos anos 90, que favorece ao grande oligopolio enerxético fronte os dereitos das comunidades locais afectadas e o interese colectivo. Unha normativa reforzada desde 2017 pola Lei galega de fomento da implantación de iniciativas empresariais (“Lei de Depredación”) que permite axilizar a tramitación e posta en marcha dos novos proxectos eólicos restrinxindo a participación pública e outorgándolle ás empresas dereitos de usurpación das terras.

Malia a superarmos os 100 concellos con parques eólicos, ter máis de 4.000 aeroxeradores instalados nos nosos montes e representar case o 15% de toda a potencia eólica instalada no Estado (aínda que Galiza só representa o 5,8% da superficie estatal), o pobo galego parece condenado a seguir producindo enerxía eólica de forma irracional e ata o infinito, sen ter en conta as necesidades da poboación, ou o seu impacto sobre os espazos naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural, as economías locais ou a calidade de vida das persoas e comunidades que viven no rural.



A día de hoxe, a media de produción eólica en Galiza é de 115 kW/km², fronte os 46 kW/km² do Estado español, ou os 72 kW/km² de Alemaña. A perpetuación dun modelo de desenvolvemento eólico obsoleto, colonial, insostíbel e cada vez máis antisocial constitúe unha nova ameaza e unha motivación máis para abandonar o rural que, nos últimos 30 anos xa perdeu 2000 núcleos de poboación. Os parques eólicos que se están a aprobar nesta segunda enxurrada de proxectos están a deixar

as aldeas galegas sen horizonte. Ademais de destruír a súa paisaxe, comprometen o seu futuro, fomentan o seu empobrecemento e deprecian os seus bens materiais, culturais e ambientais.

Desde finais de 2019, o goberno galego e español tramitan en conxunto uns 75 megaparcos eólicos, que se suman aos 180 xa en explotación, e que serán aprobados pola vía da urxencia e sen couto, coa idea de acadar os 5000 MW de potencia instalada en 2020. Porén a cobiza do lobby enerxético en Ga-

liza non ten límite e pretende ata 2030 duplicar a potencia instalada, ampliando as áreas de expansión eólica a vales, zonas húmidas, agras, primeira liña de costa e, incluso, preto dos núcleos de poboación, a carón das nosas casas. Fronte a este novo atropelo ambiental e social, xa somos numerosas as plataformas e colectivos que nos alzamos na reclama da derogación do marco normativo eólico que favorece este modelo depredador co rural galego e que se concreta na Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galiza, no Plan Sectorial Eólico aprobado en 1997 e modificado en 2001, e na Lei 5/2017 de fomento da implantación de iniciativas empresariais. Así mesmo, reclamamos a elaboración en Galiza dun novo marco normativo que promova un modelo de desenvolvemento eólico máis social, ecolóxico e racional, que protexa o territorio e as comunidades rurais de proxectos eólicos abusivos e insostíbeis.

E mentres que o goberno galego non derogue a normativa citada e non deseñe un novo marco regulamentario en materia de desenvolvemento eólico para Galiza, as entidades e organizacións que asinan este manifesto reclaman a urxente moratoria de novos proxectos eólicos no territorio galego e a revisión daqueles aprobados que xeren conflitos sociais e/ou ambientais.

SEGUE ▶

Quince principios para fundamentar un novo marco normativo no sector

O novo marco normativo debería fundamentarse, cando menos, nos seguintes 15 PRINCIPIOS :

1. Planeamento eólico para a unha transición ecolóxica ordenada e xusta. A implantación masiva de parques eólicos en Galiza non responde a un proceso ordenado e planificado de transición ecolóxica e carece de estratexia de

cara a acadar a descarbonización da economía galega e reducir a dependencia de Galiza das enerxías fósiles.

2. Democratización e soberanía enerxética. O modelo vixente de implantación eólica concentra todos os dereitos de produción e distribución da enerxía en mans dunhas poucas e grandes empresas. As titulares das terras e a sociedade galega no seu conxunto deben ter unha participación activa na gobernanza deste recurso colectivo.

3. Aforro, eficiencia e autosuficiencia enerxética. O uso e explotación do recurso enerxético de Galiza debe sustentarse en criterios de aforro, eficiencia e autosuficiencia enerxética, de xeito que a adxudicación de megavatios non dependa só da dispoñibilidade do recurso ou do rédito económico para as empresas, senón das necesidades de acceso á enerxía por parte da poboación.

4. Repotenciamento fronte novas instalacións. A repotenciación dos parques eólicos existentes debe prevalecer sobre a autorización de novos proxectos.

5. Fomento do autoconsumo e produción a pequena escala. Para superar o reto climático e ter democratización, soberanía e autosuficiencia enerxética.

6. Iniciativa pública e comunidades enerxéticas fronte a privatización dos beneficios. Os proxectos eólicos que se están a aprobar pola Xunta de Galiza non deixan ningún beneficio social nin económico nas comunidades rurais nas que se asentán. Cómpre apostar por proxectos de iniciativa

pública, destinados a garantir o acceso á enerxía da sociedade civil ou pular pola creación de comunidades enerxéticas locais que primen os obxectivos sociais e ambientais sobre a rendibilidade financeira.

7. Concesións públicas fronte a autorizacións administrativas. O dereito a explotar o vento en Galiza réxese polo réxime de autorización administrativa e non polo réxime de concesión pública. Isto implica que as compañías eléctricas beneficiarias adquiren ese dereito para sempre, eliminando calquera posibilidade presente ou futura de participación social no desenvolvemento eólico do país.

8. A expropiación de terras como última opción. A coñecida como “Lei de Depredación” eliminou calquera atranco á expropiación de terras para o desenvolvemento de proxectos eólicos, deixando a veciñanza e as comunidades de montes totalmente indefensas.

9. Consulta pública real e efectiva. A Lei de Depredación tamén permite tramitar os expedientes de expropiación ao tempo que os proxectos empresariais e alixeirar a tramitación, reducindo os tempos de consulta e os prazos de alegacións. Isto fai imposible que a consulta pública dos proxectos sexa participativa, real e efectiva.

10. Penalizacións contundentes contra da fragmentación dos proxectos. Hai un evidente fraude de lei cando as compañías eólicas fragmentan os seus proxectos eólicos en proxectos máis pequenos para esquivar os atrancos da avaliación de impacto ambiental.

11. Compatibilidade coa normativa vixente en materia ambiental, patrimonial e da paisaxe. A actual normativa eólica está deseñada para uns proxectos eólicos con tecnoloxías hoxe obsoletas, que nada teñen a ver coas características técnicas dos parques que se están a implantar actualmente no país.

12. Novas zonas de exclusión e plan de eliminación progresiva en Rede Natura. É preciso ampliar as zonas de exclusión para parques eólicos, introducindo novos criterios de incompatibilidade que vaian alén da súa pertenza á Rede Natura 2000.

13. Maiores distancias aos núcleos de poboación. O actual marco normativo permite a instalación de aerogeneradores a 500 metros aos núcleos de poboación, o que implica un importante risco para a seguridade e integridade das persoas e un impacto acústico e paisaxístico inasumible para vivir dignamente.

14. Asesoramento e mediación regrada fronte contratos abusivos. A forma na que se pechan contratos de aluguer ou acordos de expropiación con particulares e comunidades de montes polo uso das terras é opaca e ofrece a miúdo cláusulas abusivas, que deixan as poboacións locais nunha situación de total indefensión.

15. Exclusión de empresas de dubidosa reputación. Quedarán excluídas de participar en calquera proxecto eólico empresas cuxa reputación sexa eticamente reprobable, por atentar contra os dereitos humanos ou ser causantes de conflitos sociais e ambientais neste ou noutros países. Tamén quedarán excluídas aquelas empresas que contén no seu cadro de persoal ou de accionistas persoas que ostenten ou teñan ostentado cargos públicos ou políticos que puidesen ter influído no beneficio particular das devanditas empresas. **FIN ■**



ARTESANÍA ALIMENTARIA ▶ O BOE publicou en decembro o real decreto que aplica as normas hixiénico sanitarias para a produción e venda directa dalgúns alimentos

Entra en vigor a normativa estatal para crear pequenos matadoiros nas granxas

A grande damnificado pola nova norma será o leite cru, que terá aínda máis atrancos para poder ser comercializado

O pasado mes de decembro, o Boletín Oficial do Estado publicaba o *Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan as condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene da produción e comercialización*

dos produtos alimenticios excluídos no seu ámbito de aplicación. As pequenas producións labregas levabamos máis de quince anos agardando desde hai máis de 15 anos por esta normativa, despois de que entrase en vigor a europea, o que permitiu que en moitos territorios da UE se flexibilizasen estas medidas para as pequenas granxas ou producións labregas. Desta maneira, en teoría xa podemos ofrecer produtos transformados dun xeito regulado máis flexible, algo que, até

agora, no Estado español non era posible. Pero, realmente, vai a ser posible a partir de agora?

Xa dende 2012, diversos colectivos do Estado -entre os que destaca QueRed, a Rede Española de Queixerías de Campo e Artesás, pola súa implicación directa- comezaron a loitar para que a flexibilidade da normativa hixiénico-sanitaria fose unha realidade, sempre mirando a Europa. Pero dende a Dirección Xeral de Sanidade e Consumo da Comisión Europea confirmouse

o que xa agardabamos: Unha vez publicada a actual normativa sanitaria, eran os estados membros os deben aplicar a flexibilización que consideren oportuna. Ademais diso, no Informe Misión Europea 2017, deixábase constancia da escasa flexibilidade que existía na normativa hixiénico sanitaria do Estado español.

Vexamos agora o que supón para as pequenas producións labregas a publicación desde Real Decreto 1086/2020:

Matadoiros e despece de ungulados

Sen dúbida, este é o gran logro desta nova normativa, beneficiando especialmente a pequenos matadoiros e salas de despece de vacún, ovino e caprino, ao eximilos do cumprimento dunha serie de requisitos que, até agora, tiñan que cumprir. Estamos a falar de obrigas que eran moi custosas, pero non necesarias nin imprescindibles para garantir a seguridade alimentaria e que, moitas veces, supoñían serias dificultades á viabilidade económica dos proxectos agroalimentarios.

Estas novas medidas supoñen un paso necesario para a apertura, ou reapertura, de matadoiros municipais que en moitos territorios, como o galego, foron desmantelados nos últimos anos. Este desmantelamento deixou á súa sorte moitos proxectos de produ-

ción de carne, deixando de abastecer deste tipo de alimentos ás persoas que apostan por consumir producións locais.

Con este real decreto posibilitase a creación de matadoiros móbiles ou fixos que tamén poderían estar na propia granxa, xa que non existe normativa sanitaria que o impida. Algo que nos preocupa como organización labrega é o deseño do propio matadoiro: Para nós é necesario que se axusten ás necesidades dispoñendo do estritamente necesario para garantir a seguridade alimentaria, sen grandes investimentos, e que se faciliten as cousas, para que non se vexa afectada a rendibilidade.

Os matadoiros que poderán acollerse serán os que non sacrifiquen máis de 40 UGM



á semana e un máximo de 2.000 UGM por ano. Algo a destacar neste apartado é que os animais que se sacrifican neste tipo de establecementos non teñen restrinxida a comercialización, tal e como ocorre noutro tipo de sacrificios.

Matadoiros de aves e lagomorfos

Unha nova que, en principio, era boa; deixou de selo na medida en que se abre a posibilidade do sacrificio deste tipo de animais -galiñas, pitos, coellos, etc.- na propia granxa. Pero esta nova deixou de ser boa en moitos casos, porque se limita a comercialización a un radio de 100 km contados dende a granxa. Dende o Sindicato Labrego presentamos en 2017 alegacións, xunto a outras organizacións labregas do Estado, porque estamos en contra de establecer un límite de quilómetros, o tan sequera limitar a distancia dentro do territorio galego. Hai que ter en conta va-

rios factores que penalizan un límite quilométrico, como a existencia de zonas de montaña nas que resulta difícil comercializar as producións. Para nós, debe ser a propia granxa a que estableza os límites, xa que non abordará a comercialización fóra dun ámbito onde non lle resulte rendible.

Aínda así, agora mesmo é posible facer sacrificio en granxa coa limitación dos 100 quilómetros para comercializar. A maiores, existen outro tipo de limitacións: En aves de curral, o sacrificio máximo semanal sería de 500 aves e o anual de 25.000. No caso dos co-



ellos, terían un límite de 300 á semana e un máximo de 15.600 coellos por ano. **SEGUE ▶**

Fica pendente a formación do persoal técnico do control oficial

Desde o Sindicato Labrego Galego, consideramos que o Real Decreto 1086/2020 debería ter como obxectivo flexibilizar a normativa de hixiene para pequenas producións, de cara a facilitar que poidan facer chegar alimentos "transformados" máis sans e de maior calidade ás persoas consumidoras, fomentando o consumo de produtos locais, e tamén para fomentar a creación de valor engadido para as granxas grazas á venda directa.

Nalgún tipo de produción, como a de leite cru, as granxas do Estado español novamente volven ser discriminadas en relación a outros territorios da Unión Europea cando a incorporación de persoas a unha actividade agrícola ou gandeira é hoxe máis necesaria que nunca para afrontar problemas como o despoboamento rural, a xestión do territorio, a creación de postos de traballo en zonas desfavorecidas ou a soberanía alimentaria.

Agora, unha vez aprobado este real decreto, consideramos de grande importancia a formación do control oficial para que se apliquen correctamente as normas nos distintos territorios e tamén para que se diferencie claramente a produción industrial deste tipo de pequenas producións labregas ou artesás. Tamén se fai necesario promover entre a cidadanía as vantaxes e beneficios de consumir este tipo de producións alternativas que reúnen todas as garantías sanitarias e de calidade para a cidadanía.

A venda directa de leite cru leva a peor parte

Sen dúbida, co leite cru temos a mala nova do real decreto, xa que segue a estar prohibida a venda de leite ás granxas. Isto non ten lóxica, pois noutros países da Unión Europea como Francia e Austria, entre outros, si que se permite. Con esta nova norma esíxense máis controis que os propios regulamentos europeos. Alén diso, dende o punto de vista sanitario, estes controis non aportan maiores garantías en materia de seguridade alimentaria. Realmente, as granxas de vacún de leite do Estado están sendo discriminadas respecto ás granxas do resto do territorio europeo.

■ Que controis sanitarios son necesarios para a venda de leite cru?

- Informar ás persoas consumidoras da necesidade de **ferver o leite na casa**, ao mesmo tempo que se obriga a realizar unha serie de análíticas de parámetros microbiolóxicos a un alimento que non se venderá listo para o consumo.
- Imponse a obriga de **análíticas mensuais**, indistintamente do risco, o tamaño e a natureza da granxa, facendo caso omiso á norma europea na que se indica que a frecuencia das análíticas se autocontrol as fixa o operador alimentario, non a autoridade sanitaria competente.
- A **vida útil** do leite comercializado fica marcada en **3 días**, sendo 4 os estipulados pola normativa europea para alimentos sen estudos de vida útil.
- **Prohíbese a venda en hospitais, residencias de anciáns, escolas infantís ou escolas**, co que se imposibilita a compra pública deste alimento.

Obviamente, non se teñen en conta as numerosas investigacións sobre as propiedades e beneficios nutricionais do leite cru.

■ **Que requisitos existen para a venda do leite cru nas granxas?** Para vender leite cru será indispensable a inscrición no RGSEEA (Rexistro Xeral Sanitario) e, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

- O leite venderase sempre **envasado**.
- Na **etiqueta aparecerá a data de caducidade, non superior a 3 días** despois da data de muxido, así como a seguinte indicación: "Leite cru sen tratamento térmico: consumir unicamente despois de ferver polo menos durante un minuto e conservar refrixerado entre 1 e 4º".
- Os establecementos de **comercio ao por menor** so poderán utilizar leite cru como materia prima ou ingrediente para a elaboración de produtos alimenticios se o ferver ou o someten a un tratamento equivalente.
- Realizase, polo menos, unha vez ao mes **analíticas** con determinados parámetros marcados no real decreto.

FIN ■



PREZOS ▶ Diante da Comisión de Agricultura COAG presenta no Congreso dez propostas para mellorar a Lei da Cadea Alimentaria

O pasado 19 de xaneiro, a COAG presentou no Congreso dos Deputados e das Deputadas dez propostas de cara a mellorar a Lei da Cadea Alimentaria.

O encargado de facer a exposición diante da Comisión de Agricultura do Congreso foi o secretario xeral da COAG, Miguel Blanco, quen valorou o articulado da actual lei no que se establece que, para a fixación dos prezos nos contratos, un dos factores obxectivos a empregar debe ser o custe de produción en base a "*criterios imparciais e que teñan como referencia datos de consulta pública*" e que, para evitar a destrución de valor na cadea "*cada operador deberá pagar ao inmediatamente anterior un prezo igual ou superior ao custe de produción do produto obxecto de contrato*".

Porén, Blanco subliñou que existen varias lagoas na presente normativa, presentando un decálogo para subsanalas: Regulación da venda a perdas, inclusión da canle Horeca, ampliación das funcións do Observatorio da Cadea, recoñecemento de todos os custes de produción e non só dos efectivos, posta en marcha dun rexistro oficial electrónico de contratos, reforzar o concepto de produtos perecedoiros para o seu pagamento en trinta días, reforzar e aclarar a figura do mediador da cadea, reforzamento da Axencia de Información e Control Alimentarios (Aica) con máis medios económicos e humanos, maior coordinación entre comunidades autónomas e aclarar que produtos de terceiros países se atopan incluídos na aplicación desta lei.



8M: Contra o virus do patriarcado e do capitalismo, a vacina do feminismo

De cara á celebración do 8 de marzo, La Vía Campesina fixo un chamamento a nivel internacional baixo o título “Contra o virus do patriarcado e o capitalismo, a vacina do feminismo e da solidariedade!” De seguido, compartimos con vós o texto íntegro de La Vía Campesina:

“Este 8 de marzo de 2021, articuladas na nosa diversidade e nunha soa voz, afirmamos “Contra o virus do patriarcado e o capitalismo, a vacina do feminismo e a solidariedade!”, ao tempo que subliñamos o rol fundamental das mulleres no campo, e do campesiñado no seu conxunto como primeira liña na produción de alimentos agroecolóxicos e saudables que sustentan a vida, representando entre o 60 e o 70% da produción mundial.

Ao cumprirse 25 anos da construción colectiva da Soberanía Alimentaria, esta é a nosa vía concreta e sostible fronte ás distintas crises que hoxe vivimos. Precisamos rematar coa violencia sistémica do capitalismo e do patriarcado, que hoxe vulnera os dereitos das mulleres, das persoas diversas, da infancia e da clase traballadora, excluindo mesmo do acceso público e gratuíto a unha vacina que debería ser considerada como a alimentación: un dereito humano. Tal e como defendemos no noso chamamento internacional: Polo dereito á saúde pública e gratuíta para todos os pobos!

No mundo, o rol político, social e económico das mulleres é vital, máis aínda en medio desta pandemia. Porén, seguimos recibindo salarios máis baixos, estamos na informalidade, precarizadas, explotadas, somos emigrantes, nais solteiras, traballadoras agrícolas, pescadoras, pastoras, temos menor acceso á terra, á tecnoloxía e a políticas



públicas de saúde, protección contra a violencia, educación e cultura. O maior atranco ao que nos enfrontamos no campo é a falta de acceso a medios de produción como a terra. No mercado, as mulleres apenas posuímos o 1% das terras e, aínda así, temos o reto de seguir garantindo a alimentación e o coidado das comunidades, das familias e do mundo en condicións de desigualdade política, económica e social.

Neste senso, nesta xornada tamén esiximos aos estados implementar a Declaración da ONU sobre os Dereitos Labregos, onde se recoñece ás mulleres e ao campesiñado como suxeitos de dereito. Esta declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas en todos os niveis institucionais ne beneficio de quen alimen-

tan o mundo.

O modelo do agronegocio imperante está estandarizado polo poder económico da agroindustria. Son as grandes corporacións multinacionais as que controlan que se va a producir, que comemos, canto comemos e o prezo do que comemos. Fan lobbies con gobernos e mesmo con organismos multilaterais -tal e como vimos denunciando co Cumio da Alimentación organizado pola FAO para este ano- e teñen como obxectivo seguir acaparando aínda máis o mercado da alimentación. Esta dinámica xera altas ganancias para as corporacións e custes gravísimos para a saúde das sociedades e do planeta.

Ao longo da historia, as mulleres loitamos por ser suxeitas de transformacións, de mobilización e concienciación.

Como La Vía Campesina, saudamos todas as loitas e compañeiras que resisten na India, Colombia, Chile, Venezuela, Cuba, Kurdistan, Palestina, as zapatistas, as mulleres diversas organizadas na Marcha Mundial das Mulleres e outras redes amigas que están participando activamente nos cambios que precisan as nosas sociedades, por xustiza e dignidade para a maioría.

MOBILÍZATE!

Este 8 de marzo, como cada Día das Mulleres, facemos un chamamento ás nosas organizacións membros, aliadas e amigas, a conspirar dende todos os espazos onde esteamos, nas nosas comunidades, prazas, rúas, mercados, escolas, postos de traballo, coidando da vida, a seguir denunciando e mobilizando conciencias, facendo presión para que os estados se comprometan coas loitas históricas das mulleres no campo e nas cidades”.

FISCALIDADE ▶ A partir de agora poderase fragmentar o pagamento do IRPF en catro anualidades e a subvención non computará como incremento de capital

O Goberno cede á demanda do SLG e mellora a fiscalidade das axudas de incorporación

Trátase dunha loita levada a cabo polo SLG, con varias denuncias e un fallo favorable dos tribunais que sentou xurisprudencia

O BOE publicou, o 16 de decembro, a Lei pola que se adoptan determinadas medidas urgentes en materia de agricultura e alimentación, entre as que se incluíu unha mellora na fiscalidade das axudas de incorporación da mocidade á profesión agraria.

Atendendo ás demandas que o Sindicato Labrego Galego fixo ao longo dos últimos anos, fronte a institucións como a Axencia Tributaria, a Delegación do Goberno ou a propia Xunta, estas axudas poderán imputarse no IRPF dividíndoa en catro partes: a primeira, no período impositivo da obtención, e nos tres seguintes.

Ademais, nos casos de mozos e mozas que se incorporan nunha empresa agrícola societaria -SAT, SC, SL-, a axuda para a primeira instalación que se destine á adquisición da parte de capital correspondente considerárase ganancia patrimonial. Ademais, tamén poderá imputarse en cuartas partes, no período impositivo en que se obteña e no tres seguintes.

Até agora, ao considerar a Axencia Tributaria que estas axudas eran subvencións de capital, obrigaban a sufragar a totalidade do imposto na súa totalidade no primeiro exercicio, obrigando a un desembolso moitas veces inasumible, e mesmo antes de ter ingresado a axuda. Dende o SLG temos denunciado casos de afiliados e afiliadas que, cobrando unha subvención de 22.000 €, tiveron que pagar entre 5.000 e 9.000 €

de impostos o mesmo ano de concesión da axuda, cando o importe se ingresaba ao ano seguinte. Aínda que, dende o SLG, defendemos a exención de impostos para as axudas de incorporación, permitir a fragmentación do pagamento é un avance.

Imaxes de arquivo referentes á concentración de denuncia do 11 de novembro de 2017; e á xuntanza de Conchi Docampo e María Ferreiro coa directora xeral Belén do Campo, para falar da fiscalidade das axudas de incorporación



Cronoloxía dunha loita dende 2016

No Sindicato Labrego Galego, levamos anos loitando por mellorar a fiscalidade da xente nova que se incorpora en aspectos como os impostos que se aplican ás axudas. Unha das nosas demandas era, precisamente, a fragmentación do IRPF aplicable en varias anualidade e que se deixasen de tributar como ganancia de capital. De seguido, resumimos algunhas das accións que o Sindicato Labrego Galego levou a cabo para denunciar esta inxustiza:

2016

- ✓ Xuntanza de María Ferreiro coa delegada territorial da Axencia Tributaria na Galiza, **Imelda Capote**.
- ✓ Xuntanza coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, **Belén do Campo**.
- ✓ Denuncia feita por Xosé Ramón Cendán diante do **Comité de Seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR)**.

2017

- ✓ **26 de outubro:** Xuntanza de María Ferreiro e Xosé Ramón Cendán co director da Área de Agricultura da Delegación do Goberno, José Álvarez Robledo.
- ✓ **11 de novembro:** Concentración de protesta diante da Consellaría de Medio Rural.

2018

- ✓ **11 de xaneiro:** Xuntanza de María Ferreiro e Conchi Docampo coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén do Campo.

2019

- ✓ **Febreiro:** O Tribunal Económico-Administrativo de Galiza dá a razón a un mozo afectado pola excesiva fiscalidade nos plans de incorporación, sentando xurisprudencia a favor das denuncias do SLG contra a excesiva e inxusta fiscalidade da Axencia Tributaria.

Axudas a fill@s de vítimas da violencia de xénero e mulleres graves por agresións machistas

Poderán ser beneficiarias destas axudas as fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como aquelas mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hospitalización, como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, que no momento dos feitos residan en Galiza.

Trátase dunha axuda directa co obxecto de garantir que o feito causante (morte da nai ou lesións graves, por mor dunha agresión por violencia de xénero) supoña un menor prexuízo económico para os fillos e fillas orfos, e para as propias vítimas gravemente feridas.

O prazo para solicitudes estará aberto até o 30 de novembro.

Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril

O importe máximo por persoa beneficiaria establécese en 2.000 euros. **Prazo: a)** Para os danos comunicados entre o 11 de outubro de 2020 e o 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será até o 12 de febreiro.

b) Para os danos comunicados despois do 12 de xaneiro, o prazo de presentación da solicitude de axuda será dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Prazos: a) Para os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2020 e o 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será até o 12 de febreiro.

b) Para os danos ocasionados despois do 12 de xaneiro de 2021, o prazo de presentación será de 1 mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano.

Axudas para a rehabilitación enerxética en casas e edificios

Axudas para: **a)** mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica; **b)** mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración, ventilación e auga quente sanitaria; e **c)** mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.

Prazo: 31 de xullo.

Axudas para a prevención dos incendios forestais

Subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor). **Prazo: 16 de marzo**

Axudas para seguros agrarios

Axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no Plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2021.

Prazo: A formalización do seguro considerarase solicitude de axuda, sempre que se realice dentro dos períodos de subscrición establecidos.

Cobertura de indemnizacións por violencia machista

Poderán ser beneficiarias destas axudas de indemnización as mulleres, maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero e todas as persoas que dependan económica

e/ou asistencialmente dunha muller que sofra violencia de xénero. Máximo de 6.000 euros por cada persoa beneficiaria, excluídos xuros de mora. **Prazo: 30 de novembro**

Prestación periódica a mulleres vítimas da violencia machista

Poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres maiores de idade ou emancipadas, vítimas de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación se-

xual, de dependencia da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación. As axudas van desde 200 €/mes a 800 €/mes; e ata un máximo de doce mensualidades.

Prazo: O prazo de solicitude está aberto permanentemente.

Indemnizacións por sacrificio de animais e axudas de reposición

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades ani-

mais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais. Complementanse con axudas para repoñer os animais mortos.

Prazo: 30 de novembro de 2021

Axudas á silvicultura para a prevención de incendios

Para accións silvícolas de prevención de danos causados nos bosques por incendios, desastres naturais e

para incrementar a capacidade de adaptación e valor ambiental de ecosistemas forestais. **Prazo: 14 de abril.**

Axudas para promover produtos de calidade diferenciada

Axudas para actuacións de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos de calidade

diferenciada. Para asociacións de produtores e produtoras de calquera fórmula xurídica. **Prazo: 26 de marzo**

Axudas para realizar plantacións forestais

Axudas para a creación de superficies forestais. **Prazo: 11 de marzo**

Axudas a montes veciñais

Axudas destinadas ao impulso da boa gobernanza nas comunidades de

montes veciñais en man común. **Prazo: 24 de marzo.**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Desensiladora Khun usada, en perfecto estado.
☎629 324 129

Véndense

-Empacadora Riviere Casalis RC42.
-Ensiladora de millo SIP 80BP, de un rego marca SIP 80BP.
Todo en bo estado e funcionando
☎636 517 812

Véndense

-Tractor New Holland TM155, con emisora.
-Arado Khun de 4 regos.
-Fresa.
Na zona de Paderne-Betanzos.
☎659 479 657 (Toñito).

Véndese

-Autocargador rotativo Jusca-fresa. Na zona de Betanzos.
☎625 814 050
(Xosé Manuel ou Carme).

Véndese

-Castrón de raza galega (6 meses) para recria. Criado en liberdade con pasto natural en Granxa Candelago - Corme (Ponteceso). Prezo: 150 € ou intercambio por femia de raza galega.
☎665 812 444 (Estefanía).

Véndense

-Cisterna Moga de 8.000 litros.
-Ringleirador Class 390S.
☎648 611 395 (Fernando)

Véndense

-Tractor John Deere 2135.
-Grade marca Ebro.
-Vertedeira marca Gómez 3 pas rev.
-Sementadora T. Solano Horizonte.
-Remolque de metal Unión de 8.000 Kg.
-Cultivadores.
-Mosquitos.
-Fuso para fender leña.
-Tractor Massey Ferguson 147.
-Vertedeira Ebro B2 de 2 pas.
-Abodadora Vicon de 500 Kg.
-Remolque Imaco 2.500 Kg.
-Segadora de tractor.
-Arrincadora de patacas de 2 regos.
-Cinta transportadora de patacas.
☎650 019 275

Véndense

-Alpacas grandes de herba seca.
-Tanque de frío de 1.400 litros.
-Desensiladora.
En Forcarei (Pontevedra).
☎648 061 993

Véndese

-Desensiladora con poldro e estendedor que vai como barranta. Prezo a negociar. Nas Somozas.
☎606 739 438

Véndense

-Autocargador Campeva, con documentación ao día. En Monfiero (A Coruña).
☎686 790 735
(Xosé Antonio).

Véndese

-Estrutura de invernadoiro de 750 m2.
-Instalación de fertirrigación. En conxunto ou por partes. Prezo a negociar. En Ponteareas.
☎657 844 188

Véndese

-Casa de pedra para restaurar con patio. 50 m2. Económica, en zona urbanizable (Ponteareas).
☎657 844 188

Véndese

-Viño branco do Rosal, Condado e Albariño.
☎622 485 349

Véndese

-Segadora rotativa de tambores con botella de elevación, con 1,90 de corte. Marca Niemeyer. En moi bo estado. Prezo: 1.400 euros. En Rois (A Coruña).
☎649 565 136

Véndense

-4 ovellas de raza galega. En Tordoia (A Coruña).
☎634 627 875

Véndese

-Herba seca en Santa Cristina (Cospeito).
☎982 505 755

Véndese

-Máquina de limpar cereais. O Corgo.
☎648 718 864 (Juan Manuel)

Véndense

-Bolos de herba seca.
-Tractor John Deere.
-Cargador Galagri.
Todo en bo estado e con documentación.
☎605 642 666 (Milio)

Véndense

-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina.
Todo por 90€.
☎606 192 085

Véndense

-Arpa eléctrica antivelutina, con panel fotovoltaico, cinco metros de cable eléctrico e dúas trampas eléctricas Diana antivelutina. Todo por 90 €.
☎606 192 085

Véndense

-Dúas xovencas de raza frisoa. Prezo negociable. Zona de Cabanas.
☎981 446 501

Véndese

-Granxa de porcino na zona de Os Blancos (Ourense)
☎645 011 240

Véndese

-Carro de cabalo completamente novo, con todos os aparellos.
☎981 788 202

Véndese

-Planta de arandos en ecolóxico. Procedente de nais de 5 anos con certificación do Craega. Na Comarca de Compostela.
☎616 229 380 (Rosa)

Véndense

-Dúas vacas e un boi de sete anos. Prezo a tratar.
☎670 895 789

Véndese

-Tanque PACKO de 1.500 l.
-Estendedor de silo en rolete, en bo estado.
-Desinsiladora.
-Arado antigo de vertedeira para decoración.
-Mel.
En Vilardemouros (Meira).
☎982 330 623 / 662 471 382

Véndese

-Autocargador-picador de 2 eixes hidráulico en bo estado.
☎667 469 962

Véndese

-Silo. Zona de Oza dos Ríos.
☎670 895 789

Véndese

-Viño de Barrantes.
☎986 689 486

Véndese

-Vacas de carne con algunhas crías. N'As Pontes. Por xubilación.
☎600830624 (Xabier)

Véndense

-Rolos de herba seca. 50 unidades da campaña 2020.
-Patacas do país.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndese

-Tractor Barreiros moi antigo especial para coleccionistas.
-Tractor Same de 130 CV.
-Desensiladora.
Por peche de explotación en Friol.
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Tractor Fiat 70-66 DT con apeiros: Remolque, arado, fresa, desbrozadora, etc.
Prezo: 15.000 € (negociables). En Abegondo (A Coruña).
☎661 808 545

Véndese

-Caldeira de leña para casa de 100 a 110 m². En Ponteareas (Pontevedra)
☎649 369 179 (Amador)

Véndense

-Ringleirador FELLA 6.30 m ancho. Rotores recién reparados. 3.000 €
-Sementadora de millo MO-NOCEN 4 4 liñas con aboadoras. 1.000 €
-Ensiladora de millo TAARUP 1, unha liña. 500 €
☎620 670 303 (Juan Antonio)

Véndense

-Autocargador e cisterna.
☎626 686 509 (Cándido).

Véndense

-Tanque de 1.400 litros.
-Xovencas frisoas próximas ao parto
☎660 652 529 (Suso)

Véndense

-Empacadora Class 41
-Estendedora-hilerador en bo estado.
☎657 120 832

Véndese

-Emboladora CLAAS ROLAND 46 en perfecto estado de funcionamento. Sen papeis.
☎670 320 138

Véndese

-Tanque de leite Packo 3100. Enfriadeiro Packo de 3.100 litros con dosificación automática e recuperador de calor con grupo separado. Modelo REM/DX. En Barreiros (Lugo).
☎676 902 914 (Alfonso).

Véndense

-Tractor.
-Aboadora.
-Autocargador.
-Becerro de Rubia Galega.
☎689 752 400

Véndense

-Tractor Massey Ferguson 5611 de 110 CV. Ano 2015, 1.500 horas de traballo.
-Rotoempacadora Fendt en bo estado.
En Forcarei (Pontevedra).
☎644 250 674 (Manuel).

Véndense

-Empacadora Claas nº 41. En bo estado, limpa, engrasada e preparada para traballar.
-Ringleirador-estendedor.
☎657 120 832 (José).

Véndense

-Colleitadora de patacas Grimme LK 650 en bo estado: 8.000 €
-Repartidor de esterco con aspas verticais de 8 metros: 5.000 €
-Motor de regar Campeón de 24 CV: 1.900 €
☎690 281 690 / 659 690 607

Véndense

-30 rolos de silo e 30 de herba seca.
En Baroncelle (Abadín, Lugo)
☎982 178 970 / 665 603 933

Véndense

-Rolos de herba seca.
☎619 267 520

Véndense

-Autocargador-picador Pottinger Boss 1
-Elevador de vacún.
-6 cornadizas regulables en anchura.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo).
☎982 320 206 / 686 811 992

Véndese

-Citroën Xsara HDI, 90 CV.
☎659 993 345 (Juan)

Véndense

-Tanque Serap de 3.500 litros.
-Sala Tandem Miele 5 puntos.
-Retiradores
☎646 696 222

Véndense

-Autocargador rotativo Iberi, con ITV pasada até 2021.
-Cisterna de 4.000 litros Romay C40, con ITV pasada até 2021.
-Sulfatadora de 500 litros Sanz Olite de 500 litros.
Por xubilación.
☎653 911 180 / 698 153 812

Véndense

-Tractor Ebro 55: 2.000 €
-Cisterna de 6.000 litros.
-Tractor John Deere 2140 simple, 82 CV.
☎667 469 962

Véndense

-Finca en Oroso de 13 has.
☎652 558 195 / 635 693 903

Véndense

-Becerras limousins en Lugo.
☎685 884 257.

Véndense

-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Aboadora 2.000 kg Amazona.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

OUTROS

Búscase

-Traballo en explotación na zona sur de Lugo, en calquera sector. En xornada completa, por días ou por horas.
☎600 716 750

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Nos últimos meses, o Partido Popular está a impulsar unha batería de cambios legislativos dirixidos a facilitar a aprobación de proxectos que están a despertar un grande rexeitamento popular, como os parques eólicos. Para conseguilo, vén de aprobar a chamada Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica, unha nova Lei de Ordenación do Territorio e, ademais, están preparando a denominada Lei de Recuperación da Terra Agraria, da que xa adiantaron algúns contidos.

Batería de cambios legislativos para abrirlle cancelas ao capitalismo verde

No seu último pleno antes do día de Nadal, o Parlamento de Galicia iniciaba a tramitación por vía de urxencia da chamada **Lei de Simplificación Administrativa e Reactivación Económica**, cuxo trámite deu comezo grazas aos votos do PP e á abstención do PSOE. Finalmente, aprobábase o 23 de febreiro cos votos dos Populares.

A nova lei contempla con carácter xeral a redución a tres meses dos prazos de emisión dos informes sectoriais (sobre medio ambiente, patrimonio natural, augas, etc) para grandes proxectos de alto impacto ambiental, como os parques eólicos, minas e outras iniciativas empresariais, o cal é un tempo moi reducido para estudar e avaliar proxectos tan complexos coma estes.

Esta redución de prazos agacha unha trampa: Se no prazo establecido, o órgano sectorial non informa, os trámites teranse por feitos a través do silencio administrativo. Os recortes dos últimos anos na función pública fixo aínda máis lenta a maquinaria burocrática da Xunta, de maneira que non vai ser posible acurtar tanto os prazos de resolución deste tipo de informes.

■ Os privilexios dos Proxectos Industriais Estratéxicos

Un dos aspectos máis polémicos desta lei é que os grandes proxectos estarán exentos de solicitar licenza municipal e poderán obrigir a modificar o plan urbanístico do concello afectado. Falamos dos denominados “proxectos industriais estratéxicos”. Para selo, deberán ter un investimento mínimo de 20 millóns de euros e crear un mí-



O SLG foi unha das organizacións convocantes da concentración contra a Lei de Simplificación Administrativa o 23 de febreiro diante do Parlamento de Galiza

nimo de 100 postos de traballo directos.

Estes proxectos poderán ter beneficios como ver reducida á metade o seu tempo da tramita-

ción, expropiacións por “declaración de utilidade pública e interese social”, adxudicación directa de solo empresarial promovido polo IGVS, subvencións

sen concorrencia competitiva, servidumes de paso para abastecemento enerxético e prevalencia sobre os plans urbanísticos municipais.

■ Unha nova Lei de Ordenación do Territorio

A maiores, cos votos do PP, tamén se aprobou a nova **Lei de Ordenación do Territorio**, que vai desregular a protección do solo ao crearse a figura dos Proxectos de Interese Autonómico (PIA). Trátase dun mecanismo que lle dá potestade á Xunta para reclasificar o solo, por riba dos plans urbanísticos dos concellos e das competencias municipais, de maneira que cando a unha empresa “amiga” lle conveña desenvolver un proxecto empresarial en solo protexido, con que a Xunta o clasifique como PIA terano solucionado.

Lei de Recuperación da Terra Agraria

Aínda en fase de elaboración, Medio Rural anunciou a comezos de ano a Lei de Recuperación da Terra Agraria. Do pouco que imos coñecendo, sabemos que se van crear novas ferramentas como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais ou as agrupacións de xestión conxunta. Tamén se poderá declarar unha finca en estado de abandono ou de infrautilización e investigar a súa propiedade. A lei contempla, ademais, a creación dun banco de explotacións, que mediará entre os donos de granxas que abandonan a actividade e persoas interesadas en traballalas.

Dende o SLG fixemos numerosas suxestións para que o futuro texto legal poida servir de revulsivo real para mobilizar terras nun dos territorios con menor superficie agraria de Europa como Galiza (21%). Algunha das nosas peticións para a nova lei foron as seguintes:

1. Garantir a protección e conservación dos usos agrarios dunha superficie semellante á media europea, que ascendería, aproximada-

mente, ao 40% do territorio.

2. Garantir que as persoas beneficiarias da adxudicación de predios por parte dos instrumentos de mobilidade de terras que se desenvolvan sexan quen as vaian traballar e que realmente as precisen, como granxas con base territorial insuficiente, xente moza, colectivos con dificultades que atopen saída laboral no agro, etc.

3. Creación de mecanismos para evitar o acaparamento de terras e a especulación.

4. Garantir os usos produtivos (non produtivistas) como prioritarios nas terras mobilizadas, sen esquecer tamén a achega que poden facer á conservación do medio ambiente, loita contra o cambio climático, etc.

Respecto da terra agraria na Galiza, cómpre lembrar que perdemos case 90.000 hectáreas de superficie agraria útil (o 12,7%) nos últimos trinta anos (1987-2017), pasando de 710.514 hectáreas a 612.143.

▶ CONTINÚA NAS PÁXINAS 18 a 20